

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Mariño Paz, Ramón (2012): “Análise lingüística da obra en galego de Antonio Benito Fandiño”, en R. Mariño Paz (ed.): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 317-384.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

**ANÁLISE LINGÜÍSTICA
DA OBRA EN GALEGO DE
ANTONIO BENITO FANDIÑO**

Ramón Mariño Paz

Universidade de Santiago de Compostela

1. APUNTAMENTOS SOBRE A BIOGRAFÍA LINGÜÍSTICA DE ANTONIO BENITO FANDIÑO E SOBRE AS LINGUAS UTILIZADAS NA SÚA OBRA

1.1 Biografía lingüística¹

Antonio Benito Fandiño veu ao mundo en Santiago de Compostela o 22 de xullo de 1779, e fíxoo no seo dunha familia que Barreiro Fernández (2000, 19) cualifica como integrante da que daquela era a “fidalguía en ascenso”. En efecto, a dedicación profesional á avogacía e ao acomodado traballo burocrático e a cobranza de considerables rendas agrarias configuraron o podente ambiente familiar en que naceu e se educou o noso personaxe. Manuel Fandiño, seu pai, era avogado real e procedía da parroquia de Albixoi, situada no concello de Mesía, unhas decenas de quilómetros ao leste de Compostela. Era alí onde Bartolomé Fandiño, avó de Antonio Benito, tivera a casona de Guimarás, na que xa percibira contiosas rendas. Este don Bartolomé fora escribán da Audiencia Arcebispal e procurador xeral do concello de Santiago en varias ocasións; segundo Barreiro (2000, 18), tratábase dunha “persoa ben situada na elite compostelá”. A nai do noso escritor, dona Raimunda Martínez, era filla do xuíz ordinario de Arzúa e achegara ao xa importante patrimonio familiar de don Manuel Fandiño o vínculo de Présaras, unha parroquia do municipio de Vilasantar situada a non moitas leguas de Albixoi.

Santiago e Albixoi foron, con certeza, dous lugares de referencia inescusable na traxectoria vital de Antonio Benito, como el mesmo había de sinalar cando, estando preso no cárcere de Compostela, publicou un artigo na *Gazeta Marcial*

¹ Bastantes dos datos biográficos de Fandiño aquí escolmados proceden de Barreiro Fernández (2000), Couceiro Freijomil (1952, 8-11), Murguía (1862, 192-194), Pérez Costanti (1905, 69-79) e V[ilanova] R[odríguez] (1974). Outros proveñen das miñas lecturas das obras do propio Fandiño.

y *Política de Santiago* do 8 de decembro de 1812 en que pedía que se chegaba a morrer “en el horror de la prision” se lle puxese na súa sepultura algunha das inscricións que a seguir propoñía. Pois ben, entre outras, había unha na que el mesmo se presentaba como “Antonius Benedictus Fandiño, Compostellana civitate oriundus et Santa Marina Alvijoi, jurisdictionis Messiae ejus provinciae, vicinus” (*Gazeta Marcial y Política de Santiago*, nº 90, 08.12.1812, p. 1104).

Os abondosos recursos familiares serviron para lles proporcionar aos seus irmáns e irmás quer proveitosas colocacións eclesiásticas ou segrares, quer convenientes matrimonios, mais o rebelde Antonio Benito, despois de estudar as primeiras letras e mais un pouco de arte, negouse a facer unha carreira superior. Renunciaba así a un dos postos na administración, na audiencia ou na universidade que adoitaban cobizar os mozos da súa posición, e facíao para se lanzar a unha vida bohemia, unha miga libertina², extravagante e en certos aspectos transgresora dos usos establecidos para a xente do seu status na sociedade do seu tempo. Con todo, a renuncia á universidade non o converteu, nin moito menos, nun individuo de cultura superficial e escasos coñecementos. Polo contrario, un asiduo e pertinaz trato cos libros³ fíxoo dono de numerosos saberes que de continuo afloran en todas as súas obras, con maior ou menor oportunidade. Barreiro Fernández (2000, 21) considérao, con razón, un bo lector de textos en latín e en castelán⁴, pero tamén un excelente coñecedor da paremioloxía popular galega e castelá, da que bota man con frecuencia nos seus escritos, trufados adoito con aforismos ou versos latinos, galegos, casteláns ou mesmo portugueses.

Cónstanos que Fandiño estivo en Madrid en novembro do ano 1814⁵, mais, polo que sabemos, case toda a súa vida transcorreu en Galicia, principalmente

² Así o declaraba el nun folleto publicado en 1812: “yo en este pueblo [Santiago de Compostela] soy sobradamente conocido, porque en mis verdores, y quando lo mismo me daba ocho que ochenta, no habia café, casa de juego, botica, serrallo de mozas, música de noche, aguardentería, taberna ni figon, donde no tuviese asiento pago, y fuese señalado individuo de su gremio y claustro: que estos fueron mis estudios, y los cursos que he ganado; pues nunca pasé de medianos, ni gasté opalandas en mi vida” (Fandiño, 1812b, 6).

³ El mesmo se reconece así en 1820: “yo soy un gran desocupado y toda mi vida lo he sido, y siempre me dió la locura por leer, cavilar, y hablar, y reir solo” (*Heráclito*, X, 23.05.1820, p. 77).

⁴ Dos latinos, Fandiño cita con certa frecuencia a Ovidio, Cicerón, Horacio, Terencio ou Virxilio; dos casteláns, sobre todo Quevedo, mais tamén outros autores do Século de Ouro como Góngora e Calderón, ou ben o máis tardío Torres Villarroel.

⁵ Así o di el mesmo nalgúns dos seus artigos: *Heráclito* XII (30.05.1820), p. 92; *Heráclito* XVI (13.06.1820), p. 124; *Heráclito* XXXVII (25.08.1820), p. 289.

entre Santiago e a comarca de Albixoi⁶ e durante longas tempadas na cadea (en Compostela ou na Coruña), rodeado de delincuentes comúns pero tamén de persoas instruídas e politicamente perseguidas⁷. Entre todos eles asumiu sen aparente desmaio o rol de líder e apaixonado defensor. O inicio dos seus infortunios data de 1809, cando recibiu o encargo de perseguir o bandidismo polas terras de Arzúa, Présaras e Sobrado dos Monxes desde a súa casa de Albixoi. Nesta conxuntura, Fandiño non só non fixo o que as autoridades esperaban del, senón que chegou a actuar contra escribáns e sacerdotes corruptos e ineptos de toda a redonda. Por esta razón, a instancias da Real Audiencia do Reino de Galicia ingresou na prisión no ano de 1810, comezando así unha longa e intermitente experiencia carceraria que había de dilatarse ata o momento da súa morte, acontecida ao redor de 1834. Esta experiencia marcouno tan intensamente que en agosto de 1820 afirmou en *El Heráclito español y Demócrito gallego* que as prisións foran as aulas onde el aprendera a verdadeira filosofía:

Ahora me alegro haber padecido prisiones que fueron mis seminarios, y las grandes aulas donde cai en la cuenta y aprendí la verdadera filosofía. Pobre de mi si no hubiese padecido tanto, que jamas me despreocuparía de una infinidad de errores que habia adquirido à costa de descejarne, que tal es el resultado del comun estudio.

(*Heráclito* 35, 18.08.1820, p. 274)

Dedúcese desta breve exposición que durante a súa infancia, adolescencia e mocidade Antonio Benito Fandiño debeu de acadar unha notable competencia en galego, castelán e latín. O galego tivo que aprendelo desde os seus primeiros anos tanto en Compostela coma en Albixoi e ao longo de toda a súa existencia, case por completo transcorrida en Galicia, acompañaríao constantemente, tanto

⁶ En agosto de 1820 refírese a unha recente estadía súa nas parroquias de Deixebre (concello de Oroso) e Poulou (concello de Ordes) (cf. *Heráclito* XXXVII, 25.08.1820, p. 290). Por 1823 debeu de vivir na súa casa de Albixoi, pois afirma que o folleto *Burra de Balaam, y profecía de Bandarra* escribiuno “en la soledad de su aldea” (Fandiño, 1823, 1).

⁷ Sobre as compañías que frecuentou na súa estadía no cárcere da Coruña escribiu o seguinte en xuño de 1820: “El tiempo que por desgracia estube preso en la carcel de la Coruña, tube la fortuna de que me acompañasen en la prision hombres muy ilustrados, y aunque diga verdaderamente grandes; no será ponderacion. El sr. Arcediano Daniel, y el Maestro Caminero benedictino sabios: Peña, Rodriguez, y otros varios politicos y eruditos; hombres instruidos” (*Heráclito* XIX, 23.06.1820, p. 153).

en liberdade coma estando preso nos cárceres de Santiago e A Coruña. O castelán xa circularía, con certeza, tanto no seo da súa afdalgada familia coma no seu máis amplo círculo de parentes e amizades, ao paso que o latín sería unha adquisición escolar que a lectura dos clásicos debeu de apuntalar e arrequentar.

1.2. Galego e castelán na obra de Antonio Benito Fandiño

Coma a xeneralidade dos galegos instruídos do seu tempo, Fandiño tivo como linguas de cultura básicas o latín e o castelán⁸, e en castelán escribiu a maior parte da súa obra. Ora ben, tamén é certo que, coma algúns dos seus coetáneos, tampouco non desdeñou o uso do galego en certas composicións ou ben a xeito de pequenas pingas de estilo coas que adobiou ocasionalmente o castelán dos seus artigos.

O indómito fidalgo de Albixoi deu ao prelo varios folletos entre 1812 e 1814 e entre 1820 e 1823, e do 21 de abril ao 20 de outubro de 1820 sostivo como único redactor unha publicación bisemanal compostelá chamada *El Heráclito español y Demócrito gallego*. O seu labor publicístico desenvolveuse, por tanto, durante dous breves períodos de tempo en que na España da época se decretou a liberdade de imprenta. Alén disto, en 1812 escribiu en galego e por encargo *A casamenteira*, unha breve peza teatral de ambientación rural que estando preso en Compostela lle pediu o impresor Juan María de Pazos, quen ademais lle indicou o asunto que tería que tratar e o número de personaxes que debería ter a obra, publicada postumamente en 1849 (cf. ABF1, 524-539)⁹. Semella evidente que n'*A casamenteira* o uso do galego viña esixido polo respecto ao decoro poético, e coido que aboa esta afirmación o feito de que as indicacións escénicas, nas que o autor fala realmente por si mesmo, estean escritas en castelán.

Case toda a prosa de Fandiño está tamén en castelán. O galego só aparece nela excepcionalmente, e a miúdo faino en ocasións en que o autor, no canto de reproducir un pensamento propio, invoca a voz do pobo para utilizala quer

⁸ No *Heráclito* (VIII, 16.05.1820, p. 62) fai unha alusión á súa (cativa) instrución en castelán: “Para aprender de nuevo voy talludo: los libros por donde en mis verdores procuré instruirme algo en el castellano, ó no dieron mas de sí, ó yo no los entendí bien, y de cualquier modo la cosa es ya irremediable”.

⁹ Nas referencias aos textos en galego de Fandiño que fago ao longo deste traballo utilizo o sistema de abreviaturas empregado en Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz (2008). Cando sexa preciso, despois da abreviatura indicarei a liña ou liñas en que se encontra a palabra ou a pasaxe sobre os que chamo a atención.

como reforzo da súa argumentación, quer como simple adobío dos seus artigos. Dado que nos inicios do século XIX as clases populares galegas eran, salvo raras excepcións, monolingües en galego, o uso deste idioma resultáballe nestes casos ineludible ao escritor de Santiago e Mesía. Ocorre isto coas non poucas sentenzas e cántigas populares que incrusta no encabezamento, no corpo ou no remate de bastantes dos seus artigos¹⁰, ou ben cando nun traballo de 1814 insire catro cántigas¹¹ entoadas por unha “barahunda de paisanos” que unha noite o sacaron do seu soño ao pasaren barullando por diante da súa casa:

En este regocijo me paladeaba muy á mi sabor, cuando el diablo quiso que pasase por la calle una barahunda de paisanos, que sin duda venian de algun casamiento ó romería, los que con gayta, pandero, sonajas y castañetas, y cantando á gritos como acostumbran, me despertaron para mi desgracia, pues me hallé *sicut erat in principio*, sin rastro de Redactor ni otra alguna noticia. Aburrido de que fuese sueño lo que tanto es de justicia, me incomodaba conmigo mismo, á no ser el ruido de la paisanage, cuyo alto desentono me distrajo é hizo escuchar como á la fuerza sus *cántigas*, que eran estas:
(Fandiño, 1814b, 7-8).

Idénticas características reúne a cita dos cantares galegos que os presos no cárcere público de Compostela, compañeiros de prisión de Fandiño, entoaron na Noiteboa do ano 1812. Pódense ler no traballo inserido no *Diario Cívico-Patriótico* do 26 de decembro de 1812 (ABF2), onde se di que “los sonos gallegos [cantados polos presos] estan arreglados á música gaiterina, á la Betancéira” (p. 251).

Non igual, pero si parangonable con estes é o caso seguinte, no que Fandiño reproduce unha expresión que, escrita nun “pretendido idioma portugués”, estaba contida nun anónimo remitido á redacción de *El Heráclito español y Demócrito gallego* en maio de 1820:

En el correo de viernes y con sello del de Vigo, recibí un anónimo en pretendido idioma portugues, que es tan gallego como las vacas. De clérigo ó frayle no escapa su autor, y es

¹⁰ Unha recolleita destas cántigas e adaxios ofrézoa como Apéndice I ao final deste traballo.

¹¹ Son as que comezan cos versos “Tanto teño d’ir é vir”, “Non por que sempre trunfases”, “O acabar á ninguen” e “Asnos d’ir á nosa festa” (ABF4).

idiota en su ministerio, atento sin señalarme motivo, se atreve á echar el fallo de que por lo que leyó de mi Heráclito, saca que tengo *tanta religion como ó seu cabálo*, y es mucho hablar éste, y el bueno del hombre, falta en lo mismo que reprende. ¡Valgame Dios padre *ornéa*, ó señor Cura rebuzno, y que de cosas hay en el mundo!
(*Heráclito* 10, 23.05.1820, p. 73).

Finalmente, unha das formas con que con máis frecuencia se infiltra o galego na prosa de Fandiño é a de voces illadas que, pola súa reiteración, acaban configurándose como un trazo de estilo que achega un toque de viveza ou de cor local ao castelán libresco e unha miga barroco do autor¹². A que máis se repite é, con certeza, *godallo*, case sempre empregada como insulto aplicado a xuíces, escribáns ou avogados; desta palabra saca Fandiño os derivados *godallería*, *godallada* e *godallar*. Outros galeguismos léxicos que o lector atopará na súa obra en castelán son *ornear*, *cara lavada* (polo castelán *carirraído*, ou *caradura*), *remorso* e *lambarote*.

Só dous brevísimos textos xornalísticos de Fandiño están escritos en galego sen adoptar a forma de cita, é dicir, sen que se trate da reprodución de palabras proferidas ou escritas por outras persoas. Trátase de carraxentas interpelacións tinguidas con evidentes trazos de oralidade que dirixiu contra dous individuos contra os que sentiu unha violenta animosidade. A primeira delas, de só catro liñas, dedicoulla en 1812 ao cóengo compostelán Manuel Acuña y Malvar (ABF3). A segunda (ABF7), de apenas quince, inspiroulla en 1820 Tomás Canabal y Mariño, xornalista liberal e redactor do *Observador Constitucional* de Santiago. Podemos afirmar, xa que logo, que estes textos en galego son como dúas minúsculas illas perdidas no océano da prosa xornalística en castelán de Antonio Benito Fandiño.

Recentemente, Xosé Ramón Barreiro apuntou a posibilidade de que tamén se debesen á súa inspiración dous *Diálogos de los Estercoleros* de 1807 en que os protagonistas conversan en galego e que no seu tempo permaneceron inéditos (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz, 2008, 27). Con todo, Barreiro semellaba inclinarse a favor da hipótese de que o autor de tales pezas fose Manuel Freire Castrillón, experto nos temas curiais e do Cabido compostelán e probable responsable dalgunha outra composición en castelán de ton semellante ao que

¹² Unha mostra destas incrustacións ofrécese como Apéndice II deste traballo.

teñen os diálogos dos esterqueiros. Sobre esta cuestión volverei máis adiante.

Así, pois, Fandiño só escribiu en galego algúns textos que ou teñen un aire ou unha ambientación rural ou popular ou están animados por unha intensa carga emocional que lles confire trazos propios da coloquialidade, xa que adoptan a forma de iracundas imprecacións lanzadas contra algunhas persoas que por distintas razóns o alporizaron. No primeiro tipo de textos o galego aparece *de facto* como a reprodución do que outros —non o propio Fandiño— dixeron, escribiron ou cantaron, quer se trate dos aldeáns que interveñen n’*A casamenteira*, quer dos presos do cárcere de Santiago na Noiteboa de 1812, quer dos emisores e transmisores de adaxios e cántigas, quer do autor dalgunha carta supostamente chegada á redacción do *Heráclito*. Nos textos do segundo tipo si é Fandiño o que se expresa en galego, e a excepcionalidade do caso débese vincular ineludiblemente co feito de que estas dúas pezas reproducen violentas explosións de ira en que certos trazos da oralidade semellan infiltrarse de propósito na expresión escrita. Coido, en definitiva, que a obra deste escritor revela un desenvolvemento funcional do cultivo da lingua galega aínda moi limitado, xa que nela se observa que o seu minoritario uso está estreitamente vinculado á oralidade e á cultura popular e mais ao rexistro coloquial. Ora ben, no contexto histórico en que se materializou, este comportamento non pode de ningún xeito considerarse excepcional¹³. Naquel tempo, escribir en castelán era en Galicia o normal, pois para iso eran adestrados os aínda moi escasos rapaces que chegaban a ter un trato non anecdótico ou superficial coa institución escolar. Pola contra, facelo en galego esixía un plus de experimentación que só uns poucos estarían dispostos a afrontar. Fandiño foi un destes poucos que con evidentes limitacións o intentaron e, ao meu modo de ver, a mediana destreza que alcanzou como escritor en castelán tivo que axudalo e orientalo nas súas incursións como escritor en galego, incursións nas que, como decontado veremos, acadou resultados que revelan un máis ca notable dominio do que naquela altura era comunmente referido como “dialecto gallego”.

¹³ Verbo das grandes limitacións funcionais do cultivo escrito do galego nesta época cf. Mariño Paz (2005a, 204-209).

2. ANÁLISE LINGÜÍSTICA DOS TEXTOS EN GALEGO ASINADOS POR ANTONIO BENITO FANDIÑO

2.1. Reflexión sobre o contexto sociolingüístico e sociocultural e estratexia expositiva deste traballo

En 1849 o impresor Juan María de Pazos abriu a súa publicación póstuma d'*A casamenteira* de Fandiño cunha “Protesta” que poñía sobre a mesa un dos problemas da lingua galega sobre os que máis habería de debaterse nas décadas seguintes: “nuestro dialecto gallego —lamentábase o impresor— no tiene según debiera arregladas una ortografía y una prosodia peculiares, resultando de aqui la gran variedad en escribirlo, faltando muchas veces á la propiedad, alterando otras el significado de las voces y dejando la pronunciacion sin reglas fijas al arbitrio del que lee” (ABF1, 14-17). A meu parecer, esta “protesta” de de Pazos pódese considerar o chamamento público que inauguraba unha das liñas de acción máis sobranceiras da actividade desenvolvida por aquelas persoas que moi pouco tempo despois sostiveron o noso Rexurdimento: refírome á demanda non só dunha ortografía galega unificada, senón tamén dunha variedade culta ou literaria en que, por riba das inevitables e desexables variacións lingüísticas entre a obra duns autores e a doutros, fose perceptible unha certa referencia homoxénea de corrección e de bo uso (cf. Alonso Montero, 1970; Hermida, 1992, 180-203). Como ben se sabe, as propostas de creación dunha Academia Galega encargada de traballar neste asunto que se lanzaron naquela época acabaría callando en 1906, mais esta institución non empezou a desenvolver con decisión e eficacia a tarefa que tiña encomendada ata bastante máis tarde.

Fronte a isto, non temos constancia de que durante os inicios do século XIX se producise en Galicia ningún debate público nin sobre este problema nin sobre o futuro do galego en xeral, o que é lóxico dadas as raquícticas dimensións que daquela tiña a comunidade das persoas que escribían (ou lían) en lingua galega ou que se preocupaban publicamente por ela. Nestas condicións, é obvio que no tempo de Fandiño, cando o proceso de desenvolvemento cultural e político da consciencia da identidade galega estaba nun momento que só con benevolencia se podería cualificar de “auroral”, o noso país aínda se atopaba lonxe de poder contar nin con institucións nin con escritores de prestixio indiscutible, adornados

de *auctoritas* e equipados cuns coñecementos e uns medios que lles permitisen consagrar e socializar un modelo de lingua que puidese ser aceptado por moitos.

En efecto, o primeiro escritor en galego que na Galicia moderna acadou un recoñecemento xeneralizado non publicou o seu primeiro poemario na nosa lingua ata 1863 (*Cantares gallegos*), mentres que o seu segundo e último libro en galego, *Follas novas*, só apareceu dezasete anos despois. E, aínda así, é preciso subliñar que o recoñecemento xeneralizado da figura de Rosalía de Castro tampouco non foi inmediato, como ben pode comprobarse constatando que en 1876 un observador tan cualificado como Saco Arce (1876, 3-4) opinaba que “no ha surgido aun [...] en nuestros horizontes uno de esos astros de primer orden, uno de esos brillantes poetas que en imperecederos monumentos, como el de Camoens, consagrado á las glorias lusitanas, ó el de Mistral que tan pintorescamente describe las costumbres de la Crau, fijan é inmortalizan su idioma”. O certo é que non parece que no terreo lingüístico o autor d’*A casamenteira* buscase inspiración na obra de ningún creador anterior ou coetáneo que gozase xa de certo prestixio no tocante ao bo uso literario da nosa lingua. Na produción galega de Fandiño non se advirte nada que nos recorde o coñecido comportamento imitativo da lingua e o estilo de Sarmiento que en varias das súas obras adoptou o poeta Juan Manuel Pintos.

Non parece tampouco que o galego medieval puidese funcionar daquela como unha referencia operativa, e desde logo non dispoñemos de ningún dato que nos autorice a pensar que Fandiño o tivese en consideración. É certo que xa a mediados do século XVIII o padre Sarmiento defendera a idea de que a verdadeira ortografía galega era a que se empregara nos documentos e nas obras literarias medievais, que el coñecía a fondo polo seu continuado traballo en bibliotecas e arquivos¹⁴. Porén, é moi probable que esta proposta fose descoñecida polo escritor de Albixoi e por bastantes dos seus coetáneos, dada a moi limitada difusión que por decisión propia tiveron no seu tempo as obras do beneditino afincado en Madrid. Na realidade, o primeiro escritor galego do que sabemos que se amosou como bo coñecedor do legado intelectual deste monxe bieito foi Juan

¹⁴ “Mi asunto ha sido juntar muchas voces gallegas particulares y escribirlas con su verdadera *orthografía*, que observé en varios instrumentos en lengua gallega que lei en Pontevedra y en otras partes con singular gusto” (Sarmiento, 1995, 109).

Manuel Pintos Villar (1811-1876), que naceu trinta e dous anos máis tarde ca Fandiño e pertenceu xa á primeira xeración do Rexurdimento. Por outra parte, a maioría dos escritores galegos dos inicios do século XIX debía de ter, se é que o tiña, un coñecemento moi nebuloso do que fora o cultivo do galego durante a Baixa Idade Media; o que sabemos tocante a isto (cf. López, 1991) móvenos a concluír que, se non sería prudente afirmar que todos os precursores dos inicios do oitocentos escribiron ignorando que no pasado baixomedieval se escribira en galego, cando menos si semella improbable que algún deles adquirise un grao de familiaridade tal con certos textos medievais que lle permitise orientar nesa dirección algúns aspectos da súa ocasional escritura en galego moderno. Creo, en definitiva, que a gran maioría dos que escribiron ou publicaron en galego durante as primeiras décadas do século XIX non debía de coñecer o parecer de Sarmiento sobre este asunto e, en todo caso, de coñecelo non estaría en condicións de o poñer en práctica.

Ao contrario dos que traballaron máis tardiamente, estes escritores pioneiros tampouco puideron procurar auxilio en gramáticas e dicionarios do idioma galego, pois entre o XVIII e a primeira metade do XIX só se produciron algúns vocabularios de características e valor diversos que, por non seren entregados no seu tempo ao prelo, deberon de alcanzar unha difusión moi restrinxida e exercer unha influencia case nula (cf. Pensado, 1958; Ferreiro, 1994; Suárez Vázquez, 2007¹⁵). Realmente, na época pregaleguista de Fandiño, Fernández Neira, Pardo de Andrade e outros o galego era unha variedade lingüística que aínda non entrara polo vieiro que a levaría a ser homoxeneizada pola “gramatización”, é dicir, por un proceso histórico en que linguas con mellor fortuna se iniciaran séculos atrás e que consiste nunha elaboración sostida no tempo de gramáticas e dicionarios que permiten non só ilas describindo e coñecendo cada día con máis rigor, senón tamén empregalas con criterios de corrección firmes asentados en tal coñecemento (cf. Auroux, 1992).

Así as cousas, ante a inexistencia de obras e de escritores en lingua galega, antigos ou modernos, que fosen ben coñecidos e de prestixio indiscutido, e dada tamén a simultánea carencia de gramáticas e dicionarios que amosasen un determinado modelo que se puidese seguir, durante as dúas ou tres primeiras dé-

¹⁵ Verbo desta cuestión véxase tamén a contribución de Damián Suárez Vázquez neste mesmo volume.

casas do século XIX a escritura en galego teríase que orientar basicamente polo coñecemento das variedades orais daquel tempo que cada escritor tivese e polas referencias que para algunhas cuestións (ortografía, incorporación de cultismos e de préstamos doutras linguas modernas, etc.) puidese proporcionar a competencia no castelán escrito e oral que todos adquiriran durante as súas experiencias escolares, persoais e profesionais. Na obra de certos escritores, a súa posible competencia noutros idiomas puido exercer algunha influencia complementaria e é cousa sabida que na nosa tradición moderna, de Feijoo e Sarmiento para acá, o portugués foi, por razóns obvias, unha referencia de suma importancia nestas angueiras, por máis que unha praxe escrituraria reintegracionista non se dese consolidado ata o século XX. ¿Qué opinaba verbo desta cuestión Antonio Benito Fandiño?

Antes de nada, cómpre advertir que, na realidade, non hai na súa obra ningunha reflexión verbo desta cuestión. Por conseguinte, o único que a este respecto nos é dado facer consiste en recadar esporádicas, incidentais e moi tanxenciais alusións a ela que soamente nos poden proporcionar algunha pista imprecisa sobre a maneira como este autor a encararía.

A lectura dun artigo dado á luz no *Heráclito* do 23 de maio de 1820 autorízanos a afirmar que Fandiño distinguía netamente o galego do portugués, que os consideraba dúas variedades lingüísticas diferentes e doadamente diferenciábeis para os non expertos. En efecto, co seu resolutivo e provocador estilo dicía no número dese día que recibira un escrito anónimo que o seu remitente lle quería facer pasar por portugués cando, segundo el, era na realidade “tan gallego como las vacas”:

En el correo de viernes y con sello del de Vigo, recibí un anónimo en pretendido idioma portugues, que es tan gallego como las vacas. De clerigo ó frayle no escapa su autor, y es idiota en su ministerio, atento sin señalarme motivo, se atreve á echar el fallo de que por lo que leyó de mi Heráclito, saca que tengo *tanta religion como ó seu cabálo*, y es mucho hablar éste, y el bueno del hombre, falta en lo mismo que reprende. ¡Valgame Dios padre *ornéa*, ó señor Cura rebuzno, y que de cosas hay en el mundo!

(*Heráclito* 10, 23.05.1820, p. 73)

É evidente que non resulta contradictorio con este punto de vista o feito de que o coñecemento que Fandiño tiña do portugués fose imperfecto, de que non fose

quen de escribir con corrección nin sequera algunhas breves sentenzas nese idioma. Teño a impresión de que o publicista de Mesía percibía espontánea ou intuitivamente as diferenzas entre galego e portugués pero, falto dunha formación regrada tanto nun idioma coma no outro, tendía a agalegar o portugués cando tentaba escribilo, é dicir, tendía a reconducir cara ao máis próximo e coñecido o que lle resultaba máis distante ou peor coñecido. Velaquí tres evidentes casos de portugués agalegado diseminados nos seus artigos ou folletos¹⁶:

Mas por fin tiró á asegurar baza y cumplir con quien le tuvo cuento, zampándome el destino de armas *ad libitum*, y por aquello de los portugueses *para que che lembre*.

(Fandiño, 1813c, 18)

Digo que me es sensible, por el cuerdo axioma portugues *canto podes naon farás*, y no quisiera comprometer ni comprometerme con nadie (*Heráclito* 24, 11.07.1820, pp. 188-189).

Amén, amén, al cielo llega, y *do ruxê ruxê fanse os cascabeis*, dicen los Portugueses.

(*Heráclito* 38, 29.08.1820, p. 302)

Debemos dicir, en definitiva, que resulta improbable que adoptase trazos lusitanizantes no seu galego escrito unha persoa que espontaneamente vía o galego e o portugués como dúas variedades lingüísticas diferentes e que ademais tiña un coñecemento limitado da lingua de Portugal.

Este é, a meu ver, o contexto sociolingüístico e sociocultural en que o escritor de Santiago e Mesía afrontou a elaboración dunha breve obra en lingua galega. O estudo que me proponho facer será selectivo e, á luz das reflexións que acabo de facer, só se deterá nos aspectos lingüísticos que me pareceron máis reveladores de cara a definir a posición de Fandiño con respecto ás seguintes dúas cuestións:

- A súa receptividade da fala popular do seu tempo, e nomeadamente o seu comportamento en relación coas variables lingüísticas sometidas a variación

¹⁶ Un pouco máis atinado co portugués amósase noutros casos: “el señor alcalde [...] hizo una de aquellas que los portugueses llaman *asneiras*” (Fandiño, 1812b, 6); “Tino, tino, que el callado Heráclito no enmudeció como los idolos por la copiosa redencion, sino por aquello del portugues en el cambio de la yegua falsa, que viendo que otra tal le habian metido, se consoló diciendo, *fazo* [por *faço*] *de conta que tenho á minha*” (Fandiño, 1821, 12). Con todo, cómpre ponderar o feito de que o substantivo *asneira* tamén se recolle en moitos dicionarios galegos dos séculos XIX e XX (cf. Santamarina, 2003), aínda que, iso si, o TILG demostra que apenas se utilizou na nosa literatura moderna.

diatópica. Como referencias básicas que nos permitan facer unha aproximación ao coñecemento do que poderían ser os dialectos de Santiago, Mesía e todo o territorio colindante a principios do século XIX utilizarei datos provenientes de dúas fontes: o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), que contén abundosa información sobre os falares conservadores galegos da segunda metade do século XX, e a investigación de Dubert García (1999) sobre Santiago e a súa contorna a finais do mesmo século, na que constantemente se contrastan as formas innovadoras da xente nova e urbanizada cos trazos conservadores propios dos falantes máis vellos e máis rurais.

- O impacto do castelán no galego que escribiu e a súa hipotética oposición, fronte a ela, dunha certa resistencia depuradora.

É obvio que entre os textos en galego que Fandiño escribiu ou publicou entre 1812 e 1820 destaca pola súa extensión o “sainete en gallego” que compuxo na cadea en 1812: esta será, por conseguinte, a referencia principal en toda a exposición que segue. Ora ben, cómpre recordar que *A casamenteira* se publicou en 1849, despois da morte do seu autor, e que o editor Juan María de Pazos advertiu na súa “Protesta” que, aínda que respectara en case todos os pormenores o manuscrito que lle deixara Fandiño, fixera algunhas modificacións excepcionais que, polo que el di, deberon de ser sobre todo gráficas:

Como nuestro dialecto gallego no tiene segun debiera arregladas una ortografia y una prosodia peculiares, resultando de aqui la gran variedad en escribirlo, faltando muchas veces á la propiedad, alterando otras el significado de las voces y dejando la pronunciacion sin reglas fijas al arbitrio del que lee; respetando sin embargo la pericia y buen criterio del insigne gallego que produjo este Sainete, se siguió para su impresion el mismo método con que escribió el original, con muy pocas escepciones. Sin duda le pareció de mejor efecto adaptar la x seguida de la vocal circunfleca para la pronunciacion que nos es peculiar y solo de viva voz puede esplicarse bien, separándose en esto de los idiomas portugués y francés que en iguales casos usan la *j* y la *g*. Para pronunciar las vocales con el sonido abierto ó cerrado, que tienen distintos significados, en algo se ha variado de lo que se propuso el autor, lo mismo que en las sinalefas, con el fin del mejor acierto, y á que accedería si viviese (ABF1, 14-26).

Así, pois, é preciso subliñar no inicio desta análise lingüística que a edición póstuma de 1849 debeu de ser lingüísticamente fiel ao orixinal que o autor escribira trinta e sete anos antes no cárcere de Santiago, mais con excepcións entre as que só podemos mencionar con toda a certeza as tocantes á representación gráfica das vogais de abertura media de palabras homógrafas e á marcame das elisións e contraccións (“sinalefas”).

Finalmente, coido que para facer a análise que segue haberá que distinguir, en principio, entre aqueles textos que Fandiño escribiu exercendo a súa plena capacidade creativa no terreo lingüístico (ABF1, ABF2, ABF3, ABF7) e aqueloutros en que a lingua lle veu dada porque conteñen pezas populares de transmisión oral, quer se trate de cántigas (ABF4, ABF5, ABF6, FPVS b, FPVS f, FPVS g), quer de adaxios ou expresións populares (FPVS d, FPVS e, FPVS h, FPVS i, FPVS l, FPVS m e algúns outros incluídos no Apéndice I deste artigo). Neste segundo tipo de textos o escritor de Mesía funcionou como transmisor e non como creador, aínda que, loxicamente, si lle coubo a posibilidade de inserir variantes no discurso recibido. A nosa análise deberá determinar se efectivamente hai diferenzas lingüísticas apreciáveis entre un e outro tipo de textos.

2.2. Análise dos fenómenos lingüísticos escolmados

2.2.1. Usos gráficos

Acabamos de ver que na súa publicación de 1849 o impresor Juan María de Pazos introduciu no texto d’*A casamenteira* algunhas modificacións da súa man que probablemente foron só gráficas. Non figuraba entre elas ningunha acción que alterase a representación pola que Fandiño optara para a consoante fricativa prepalatal xorda, que consistía en “*adaptar*¹⁷ la *x* seguida de la vocal circunflecha para la pronunciación que nos es peculiar y solo de viva voz puede explicarse bien, separándose en esto de los idiomas portugués y francés que en iguales casos usan la *j* y la *g*”. Esta *adaptación*, que era con certeza unha acomodación para o galego do valor /ks/ que a Real Academia Española lle asignara ao signo gráfico <x^> entre 1741 e 1815 (*exâgerar, máximo*), supoñía unha innovación simplificadora para a representación

¹⁷ A énfase é miña.

do fonema /ʃ/ que tivo moito éxito nas imprentas que traballaron en Santiago de Compostela durante as primeiras décadas do século XIX (cf. Mariño Paz, 2003, 46-47). Preso na cidade apostólica en 1812, Fandiño acolleu esta adaptación cando compuxo *A casamenteira* e, salvo en casos excepcionais, atívose tamén a ela en dúas publicacións breves de 1812 e 1820, a primeira no *Diario Cívico-Patriótico* (ABF2) e a segunda no *Heráclito* (ABF7): *Xâ* (ABF1, 48), *quixêres* (ABF1, 83), *fluxír* (ABF1, 224), *propuxô* (ABF1, 55), *xûdas* (ABF1, 67; ABF7, 4), *dxâ* ‘haxa’ (ABF2, 7), *xúeces* (ABF2, 13), *puxô* (ABF2, 19), *Dixên* (ABF7, 7)... As excepcións a este uso gráfico son tres e rexístranse en traballos de 1812, 1813 e 1820:

- <x> sen ningún signo diacrítico posterior aparece unha vez en ABF2, outra nunha cántiga reproducida en 1813 e dúas máis nunha frase en galego inserida nun texto do *Heráclito* de 1820: *Xan* (ABF2, 55), *Abaixo* (FPVS b), *dixo* (FPVS h), *dixera* (FPVS h); o caso de ABF2 debe de ser o resultado dunha omisión involuntaria do autor ou do operario da imprenta, xa que, como acabamos de ver, nesa peza prepondera o uso de <x^>;
- o solitario emprego de <j> en *baijar* (ABF2, 11) inspirouse sen dúbida no castelán *bajar*, que se rexistra moito nas fontes da época (cf. CORDE) aínda que a RAE mantívose a prescrición de escribir *baxar* ata a reforma ortográfica de 1815;
- <ch> foi o recurso elixido en dúas ocasións: a brevísima resposta a Acuña Malvar dada á luz no *Diario Cívico-Patriótico* en 1813 e unha frase integrada nun artigo do *Heráclito* de 1820: *deichou* (ABF3, 12), *vecho* (*Heráclito* 39, 01.09.1820, p. 308); este uso supón a adaptación para o valor /ʃ/ do dígrafo empregado para representar a outra consoante palatal xorda do galego moderno e creo que revela unha certa premeditación ao respecto, xa que entre os dous casos rexistrados mediou un lapso de sete anos.

Non consta que houbera tampouco intervención do impresor de Pazos noutras tres cuestións gráficas que referirei sucintamente.

A consonate nasal velar en posición intervocálica represéntase por <nh> tanto n’*A casamenteira* coma nos restantes textos de Fandiño: *algunha* (ABF1, 63, 121, 122, 501), *unha* (ABF1, 92, 127, 211, 306, 358, 478; ABF2, 43; ABF4, 4). Trátase dun dígrafo que con este valor xa atinxiu unha alta frecuencia de uso na época pregaleguista, xunto a algunhas outras fórmulas menos empregadas daquela (cf. Mariño Paz, 2003, 50-53).

Para a representación de /b/ obsérvase unha aplicación ao galego das normas de orientación etimolóxica que a RAE viñera preconizando para o castelán desde 1726. Como cabía esperar, Fandiño atívoa a elas tamén na coñecida excepción *boda* (ABF1, 77, 387). Os únicos tres casos en que se contraviñeron esas normas están motivados polo vello costume de non empregar nin dous nin dous <v> nunha mesma palabra, que tiña séculos de existencia en castelán e que resistiu durante moito tempo fronte ás disposicións da Real Academia: refírome a *bolven* (ABF1, 267), *bólvome* (ABF1, 241) e *embolvedora* (ABF1, 52), que de todos os xeitos alternan n' *A casamenteira* con *volva* (ABF1, 81) e *volverá* (ABF1, 312). Xa que logo, tamén nos tres casos do lexema *bolv-* acusou Fandiño a influencia dos usos gráficos vixentes —aínda vixentes— no castelán da súa época.

Unha norma de tendencia etimolóxica atemperada polo respecto aos usos establecidos foi tamén a que desde 1726 defendeu e foi propagando a RAE en relación co emprego do grafema <h>. En xeral, os que escribiron en galego no abrente da Idade Contemporánea aplicáronlle á nosa lingua as pautas de utilización deste signo gráfico que se observaban adoito para o castelán da época (cf. Mariño Paz, 2003, 53-54), e Fandiño non constituíu unha excepción no tocante a isto. Con toda a certeza, a súa preferencia por *oxê* (ABF1, 126, 151, 289, 330) antes que por *hoxê* (ABF1, 364) estará en relación co vello hábito de escribir *oy* en castelán, referendado pola Academia en 1737 aínda sendo consciente a institución madrileña de que así contraviña o principio etimolóxico que preconizaba: “Viene del Latino *Hodie*, por cuya razon parece se debía escribir con *h*, pero el uso comun lo escribe sin ella” (Real Academia Española, 1726-1739, s.v.); é preciso subliñar que, a pesar de que no dicionario de 1780 a institución decidiu canonizar xa *hoy*, a variante gráfica *oy* aínda se le bastante nas fontes do século XIX (cf. CORDE), o que quere dicir que Fandiño tiña que estar familiarizado tamén con estouta solución. É así mesmo o castelán o que está detrás do uso de <h> en *abí* (ABF1, 251, 281, 325, 400), *hirmaos* (ABF1, 260) —que alterna con *irmao* (ABF1, 73)—, *hombros* (ABF2, 69) e, obviamente, nos préstamos substitutivos *hasta* (ABF6, 4) e *hastra* (ABF1, 68, 91, 103, 153, 469). A mesma tutela hai que postulala nos casos de *axâ* (ABF1, 128, 199; ABF2, 7) e *ei* (ABF7, 16), xa que durante moito tempo tivo a RAE que perseverar no esforzo por que se impuxese o uso etimolóxico de <h> para escribir as formas do verbo *haber*. Polo contrario, o de Mesía liberouse desa influencia non só no mencionado *irmao*, senón tamén

en *achamos* (ABF1, 71) e *ôvos* (ABF1, 198). Finalmente, o seu frecuente mais non sistemático uso de <h> na P3 do presente de indicativo do verbo *ser* (*he*: ABF1, 49, 110, 141...; ABF4, 10; FPVS m; *eche*: ABF1, 449; *é*: ABF7, 12, 13) ten un valor diacrítico fronte á conxunción copulativa *e*.

Entre as “muy pocas excepciones” que se alzarían contra a súa decisión de non actuar sobre o orixinal d’*A casamenteira* que Fandiño escribira en 1812, o impresor Juan María de Pazos só declarou explicitamente dúas na súa “Protesta” de 1849: “Para pronunciar las vocales con el sonido abierto ó cerrado, que tienen distintos significados, en algo se ha variado de lo que se propuso el autor, lo mismo que en las sinalefas”. Quere isto dicir que o impresor alterou “en algo” o que Fandiño fixera trinta e sete anos antes cando menos nos seguintes dous casos: 1) no tocante ao uso de tiles diacríticos co obxectivo de distinguir graficamente palabras que só se diferencian pola altura da vogal media que levan en posición tónica; e 2) no relativo aos recursos gráficos con que se marcaron as contraccións entre palabras rematadas en vogal e palabras iniciadas tamén por vogal (“sinalefas”).

Canto á primeira destas dúas cuestións, resulta evidente que de Pazos quixo utilizar os tiles selectivamente, é dicir, só para resolver as dúbidas que puidesen suscitarse a propósito da interpretación de palabras homógrafas que unicamente se distinguen pola altura da vogal media situada en posición tónica. Ora ben, coído que a análise dos usos visibles na publicación de 1849 apunta á conclusión de que esa norma só se aplicou cun certo rigor nos casos das distincións entre *o* (artigo ou clítico) e *ô* (contracción da preposición *a* e o artigo *o*) e —supoñendo que o impresor percibía estoutra oposición tamén como unha oposición de altura— entre *a* (artigo, clítico ou preposición) e *â* (contracción da preposición *a* e o artigo *a*)¹⁸. O signo <ô> é, en efecto, a representación máis frecuente da contracción ‘a + o’ en ABF1 (72, 156, 184, 196, 217, 254, 360)¹⁹, onde así e todo tamén se rexistran *a-o* (513), *o-o* nun caso de sinalefa (“canto-o demais, non sei nada”, 481) e *O-o* (315, 394) tras pausa (quizais porque na imprenta non habería medios técnicos que permitisen compoñer un <o> maiúsculo con til

¹⁸ A distinción entre *e* conxunción copulativa e *é* P3 do presente de indicativo do verbo *ser* non é de altura, senón de tonicidade, e en ABF1 sostense, como acabamos de ver, sobre o case constante uso de <h> só coa forma verbal.

¹⁹ Tamén se representa con <ô> o resultado da sinalefa que se dá en *rape o demo* > *rapi-ô demo* (ABF1, 62), con desnuclearización da vogal final da forma verbal e abertura nun grao da vogal seguinte.

circunflexo sobreposto). Pola súa parte, <â(s)> é a representación máis utilizada para a contracción da preposición *a* co artigo feminino (ABF1, 48, 64, 70, 209, 213, 219, 361, 401, 405, 432, 455), en alternancia con *á* (ABF1, 126), *a* (ABF1, 145) e *a-as* (ABF1, 393). Noutros textos de Fandiño non se observan tales pautas distinguidoras: en ABF2, *ó* artigo (6, 25, 41, 60), *ó* clítico (46) e *ó* ‘a + o’ (37); en ABF4, *ó* artigo (12) e *o* ‘a + o’ (2); etc.

A referencia ás sinalefas que se fai na mencionada “Protesta” (“lo mismo que en las sinalefas”) esíxenos falar brevemente do uso do apóstrofo e do guión n’*A casamenteira*, onde con certeza interveu a man de Pazos con resultados que poderían ser mellorados, xa que o emprego destes dous signos, que non sempre indican sinalefas *stricto sensu*, revélase promiscuo e asistemático nalgúns aspectos. Así, a variante *n’* do adverbio *non* que aparece ante formas verbais que empezan por vogal (cf. epígrafe 2.2.16) márcase unhas veces cun apóstrofo e outras cun trazo: *n’he* (94, 244), *N’hai* (494), *n-inventase* (235), *n-he* (329), *n-ha* (396), *n-hai* (140, 174, 258, 512), *n-habia* (503), *n-entervenin* (472). Acontece o mesmo coas formas aglutinadas resultantes do encontro da preposición *en* co pronome persoal *el(es)*, cun demostrativo ou co identificador *outro*, para as que nunha ocasión tamén se bota man da opción da soldadura gráfica completa: *n’este* (203), *n-él* (322), *n-eso* (472), *n-outra* (447), *neles* (335); porén, para as formas aglutinadas con *de* só se utiliza o apóstrofo: *d’un* (208), *d’aquelo* (412). En xeral, é este o signo empregado para marcar a elisión da vogal final de *de*, *que*, *como*, *sobre* e *catro* cando preceden a outra palabra que comeza por vogal (*d’escarmento*, 96; *d’enfadar*, 112; *d’oxé*, 330; *qu’he*, 300; *qu’engañadiña*, 456; *com’home*, 304; *sobr’esto*, 307; *catr’anos*, 334; etc.), mais por veces non se ve marca ningunha da sinalefa cando podería habela: *sobre enganada fun tonta* (495), *que acostumbbran de casarse* (515), *Xústo solasmente Dios* (418; con omisión da forma verbal *he*), etc. O guión é a marca seleccionada para delimitar os compoñentes de certas formas contraídas, aínda que non con sistematicidade: o alomorfo *lo(s)/la(s)* do artigo determinado tras a preposición *por* (*po-lo*), a preposición *a* e o artigo *o* nunha soa ocasión (*a-o*), o segmento *co* da preposición *con* e o artigo (*co-o*, *co-a*) ou o pronome persoal *ell/ela* (*co-el*, *co-ela*), a preposición *pra* e o artigo *o* (*pra-o*, 496; tamén *Pró*, 118), o clítico posposto ao adverbio *non* (*non-o*) ou á súa variante *no* (*no-o*), etc. (cf. epígrafe 2.2.16). Fóra de ABF1 non se rexistra ningún uso do guión, ao paso que o apóstrofo se ve en ABF4 e nalgunha frase solta do *Heráclito*:

xa que logo, parece que o emprego do guión n'*A casamenteira* pode ser atribuído con bastantes posibilidades de acerto á man de Juan María de Pazos.

A meu ver, é posible que entre as “muy pocas escepciones” non declaradas explicitamente polo impresor na devandita “Protesta” inicial d'*A casamenteira* figurase algún tipo de intervención sobre a maneira de grafar a vogal /i/ en certos contextos. En efecto, chama a atención o feito de que, mentres que na publicación de 1849 da peza teatral de 1812 <i> é o signo que se emprega sempre en posición posnuclear anteconsonántica interior de palabra (*puido, embusteira, carreiriñas...*) e practicamente sempre en sílaba final²⁰ (*hai, pai, caléi...*), nos outros textos de entre 1812 e 1820 aparecen bastantes ocorrencias de <y> en posición interior anteconsonántica e mais en posición final de palabra: *MOIÑEYRA* (ABF2, 20), *arrieyro* (ABF3, 13), *estreyto* (ABF7, 4)²¹, *moyto* (FPVS i), *fungueyros* (FPVS m), *fayme* (FPVS i), *mentireyro* (*Heráclito* 43, 15.09.1820, p. 340), *moy* (ABF2, 74), *EY* (ABF2, nota 2), *Ay* (ABF3, 12; FPVS b), *hey* (ABF4, 4), *hay* (ABF4, 7, 8), *muy* (ABF7, 12, 13), *Vay* (ABF7, 13), *sey* (FPVS f, 3 veces), *fay* (FPVS i), *vay* (*Heráclito* 38, 29.08.1820, p. 300)²². Aínda que os hábitos adquiridos a este respecto non serían erradicados de inmediato, só na *Ortografía* de 1815 dispuxo a RAE que se empregase <i> cando [j] aparece como marxe posnuclear en posición anteconsonántica interior de palabra (escribiríase *aire, reino...*, e non *ayre, reyno...*) e que, polo contrario, se usase <y> nos ditongos decrecentes situados en posición final (*soy, estoy, muy*, etc.) (cf. Real Academia Española, 1815, 35-37, 56-58). Así as cousas, semella factible que en 1849, atendendo ao criterio propugnado pola RAE para o castelán e tamén a un uso xa daquela bastante consolidado, o impresor de Pazos decidise introducir <i> no caso dos ditongos decrecentes en posición anteconsonántica interior de palabra que no autógrafo d'*A casamenteira* que el manexaría quizais aparecían aínda con <y>, cousa que, como acabamos de ver, acontece a miúdo nos outros textos que Fandiño produciu entre 1812 e 1820. E, se cadra, foi tamén a man de de Pazos a que, agora nun sentido descastelanizador, impuxo case sen excepcións o emprego de <i> cando o ditongo decrecente se daba no final da palabra: non me parece

²⁰ Só atopei dúas excepcións: *hay* (ABF1, 334, 511).

²¹ En ABF7 utilizouse <i> en *embusteiro* (7), *campaneiro* (9) e *dereito* (13).

²² Fóra de ABF1, en posición final de palabra só localíci <i> en ABF6 (*pensei*, 1) e, minoritariamente, en ABF7 (*Ai*, 10; *ei*, 16).

aventurado lanzar esta hipótese porque, de feito, nas outras obras do escritor de Albixoi aquí exploradas, todas de entre 1812 e 1820, <y> comparece moi maioritariamente neste contexto. Na marxe prenuclear intervocálica o uso de <y> que se observa en ABF1 está sen dúbida inspirado no castelán da época, tanto no dos inicios coma no de mediados do século XIX: *oyeu* (104), *Caya* (203), *rayo* (203), *sayo* (206), *bayuras* (457), *vaya* (508).

2.2.2. Fenómenos de indución, transposición, subtracción e aumento de unidades segmentais e suprasegmentais

Canto a estes fenómenos propios da oralidade popular, o escritor de Santiago e Mesía amosa na xeneralidade dos seus textos un bo coñecemento deles e unha moderada disposición a adoptalos. Compórtase, pois, de modo parangonable co que adoptou a maioría dos autores do seu tempo e tamén unha boa parte dos do século XIX.

Entre os fenómenos de alteración ocupan un lugar senlleiro as asimilacións e as disimilacións: hai asimilación vocálica en *municiós*²³ (ABF1, 78) e *repitiréi* (ABF1, 210) e disimilación tamén vocálica en *delor* (ABF1, 121), *fertuna* (ABF1, 278, 478) e *romedio*²⁴ (ABF1, 187; con labialización). O paso de *baldón* ‘inxuria’ a *bandón* (ABF1, 145) podería ser o resultado dunha asimilación exercida pola consoante nasal final da palabra. Se non se trata dunha simple errata (*perrazo* por *porrazo*), no castelanismo *perrazo* (“meu pai he duro e perrazo”; ABF1, 110) a alteración da vogal átona inicial viría inducida polo cruzamento léxico de *porrazo* (aumentativo do castelán *porro* ‘torpe, necio’) co substantivo *perro* ‘moi malo’. Dado que Fandiño tende a acomodar con /e/ (é dicir, ao xeito popular) os cultismos e os castelanismos con /i/ átono (*Aràcreto* ‘Heráclito’, ABF7, 15; *entervenin*, ABF1, 472; *indómeto*, ABF1, 513), non estraña o paso de /i/ a /e/ en *desponte* (ABF1, 64), onde houbo un cambio de prefixo *dis-* > *des-*²⁵. Canto a *milloriñas* (ABF1, 279) —que convive n^a *casamenteira* con *mellor* (ABF1, 60, 122)—, cómpre advertir que a variante *millor* (< lat. MĚLIŎRE) xa está amplamente rexistrada no galego medieval (cf. TMILG) e que no seu caso o paso de /e/

²³ Tamén se rexistra *moniciós* (ABF1, 220, 383).

²⁴ Tamén *remedio* (ABF1, 428; ABF7, 12).

²⁵ Unha asociación co prefixo *con-* puido ser o estímulo que produciu o resultado *concodrilo* (ABF7, 5).

pretónico a /i/ debeu de ser provocado polo antigo influxo asimilatorio do iode ([lj]). Outras formas coa vogal átona inicial alterada son *nemorada* (ABF1, 417), *nemorícadás* (ABF1, 293) e *padricar* ‘predicar’ (ABF1, 272). Destrucción do hiato e perda do carácter nuclear da vogal /e/ hóuboa na exclamación *rape o demo!* (‘¡o demo me leve!’), que no verso 62 de ABF1 se presenta coa forma *rapi-ô demo*:

Sin *rapi-ô demo* eu saber
 cousa algunha, o vello onte
 díxôme â noite “desponte,
 que vou a darche mullér.”

Abundan na obra de Fandiño as variantes resultantes de cambios de posición de unidades segmentais e cabe mesmo a posibilidade de que haxa un caso de desprazamento dunha unidade suprasegmental. Son numerosas, sobre todo, as metáteses da consoante vibrante: *birbon* (ABF1, 486; de par de *bribon*, ABF1, 394), *empástros* (ABF1, 201; por *emprastos* ‘emplastos’), *padricar* (ABF1, 272), *perguntarme* (ABF1, 75), *pertenden* (ABF1, 42), *pertendida* (ABF1, 282), *perto*²⁶ (ABF1, 217), *premitir* (ABF1, 396), *presona* (ABF1, 499), *probe* (ABF1, 358, 402) e *probeza* (ABF1, 501). Cabo destas formas, cómpre situar as resultantes dos trocos de consoantes líquidas que temos en *bolra* ‘borla’ (ABF2, 32, 62) e *frolida* (ABF1, 286). Canto ás unidades suprasegmentais, puido haber desprazamento acentual en *caniba*, que semella utilizarse por *cáneba* ‘renda, imposto’:

A sua xênte está frolida
 desde que co-o crego entrou,
 como que a ollo medrou,
 e oxê he *caniba* escollida (ABF1, 286-289).

²⁶ A orixe desta voz é controversa (cf. DCECH), de modo que en perspectiva histórica ampla cabería discutir sobre se a forma con metátese é *perto* ou é *preto*. Ora ben, polo que a este rexistro de ABF1 en concreto respecta, abonda con saber que na literatura galega do século XIX *preto* é con moito a variante máis empregada por moi diversos autores (Pintos, Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, Francisco Anión, Marcial Valladares, Lago González, Losada Astray...), cun pequeno monllo de excepcións entre as que se encontra a d’*A casamenteira* de Fandiño (cf. TILG). Xa que logo, desde esta perspectiva temporalmente restrinxida podemos considerar que *perto* é a variante “desviada” e *preto* a “recta” ou, cando menos, a máis frecuente.

O máis probable é que esta voz deba lerse como grave, xa que en ABF1 as esdrúxulas levan constantemente til agudo: *Déixâte* (290), *deparádeme* (240), *Técola* (34, 36, 215...), *Séntate* (252), etc. Así e todo, é obvio que non podemos desbotar de plano a posibilidade de estarmos ante unha simple omisión involuntaria do til.

Normalmente, as vogais que desaparecen en posición interna son as átonas, como en *broa* (ABF1, 266), *sincura* ‘sinecura’ (ABF1, 135) e *sobrana* (ABF1, 430), mais as necesidades métricas poden aconsellar tamén a síncope da vogal tónica, como aconteceu con *parce* ‘parece’ no octosílabo “se parece que os mesmos démos” (ABF1, 40)²⁷. Dada a posición proclítica que estoutra unidade adoita ocupar, semella correcto considerar tamén como síncope de vogal átona a que se dá na preposición *para*, que Fandiño usou en ABF1 en alternancia con *pra* (78, 182, 244, 296, 358, 376, 409, 437, 446, 496, 514, 521) dependendo das esixencias de medida coas que en cada verso tivese que lidar.

Casos de aumento achámoslos en *oyeu* (ABF1, 104), con iode antihiático, e mais en *enamorada* (ABF1, 179) e *enemorado* (ABF1, 356), con próteses talvez inducidas polo castelán *enamoradol/enamorada*. Na nosa literatura do século XIX a variante *namorad-* predomina sobre *enamorad-* nunha proporción de arredor de 6 a 1 (cf. TILG).

Unha tendencia característica da oralidade popular galega é a que consiste na eliminación dos ditongos crecentes, xa pola omisión da semiconsoante palatal (*convenencias*, ABF1, 57), xa pola abertura e conversión da semiconsoante palatal ou velar en núcleo silábico (*lengoa*, ABF7, 5; *male á morte que te deichou*, ABF3, 12; *moelles* ‘muelles’, ABF7, 4; *remedeou*, ABF1, 505). O mesmo cabe dicir dos hiatos, que na obra de Fandiño poden destruírse semiconsonantizando un núcleo silábico (*doille*, ABF1, 254; *traí* ‘trae’, ABF1, 306) ou suprimindo a vogal átona (*tran* ‘traen’, ABF2, 57). Sexa ditongo ou hiato o que temos en *triunfases*, a secuencia vocálica simplifícase tamén na variante popular *trunfases* (ABF4, 5), que precisamente aparece nun dos versos dunha cántiga que o autor de Mesía transcribiu en 1814.

²⁷ Noutros versos de ABF1 usa *parece* (143, 338, 407).

2.2.3. Os ditongos decrecentes /oi/ e /ui/

Con excepcións irrelevantes, as solucións que se achán nos diversos textos de Fandiño para esta variable son as maioritarias na Galicia moderna, é dicir, as propias da gran mancha centro-occidental do territorio galegofalante en que se encontran, xunto a outras moitas, as terras de Compostela e de Mesía (cf. Fernández Rei, 1990, 48-51; ALGa 1, mapa 361). En efecto, *oi* é o resultado case único que detectamos nos seguintes casos: 1) grupo latino -ŎCT-: *noite* (ABF1, 64), *oito* (ABF1, 386); 2) grupo latino -ŬLT-: *Escoita* (ABF1, 100), *escoitar* (ABF1, 273), *moito* (ABF1, 95; ABF2, 21; FPVS e), *moyto* (FPVS i), *moi* (ABF1, 49, 71, 284...), *moy* (ABF2, 74); 3) grupo latino -ŎRŬ-: *casoiro* (ABF1, 235); 4) grupo latino -ŬRŬ-: *agoiro* (ABF1, 234), *agoirarán* (ABF1, 392); 5) P3 do pretérito de indicativo dos verbos *ir* e *ser*: *foi* (ABF1, 164, 453, 469, 503). Só dúas excepcións se poden aducir, as dúas na resposta a T.C.M.B. de 1820 (ABF7): *muy* (12, 13). Ora ben, como xa observei nun traballo anterior (cf. Mariño Paz, 2003, 58), nos textos dos principios do XIX o predominio de *moito* fronte a *muito* como variantes plenas coexiste cunha notable predisposición favorable á adopción de *mui* como forma reducida. A meu ver, debe de ser a atonicidade propia desta forma proclítica apocopada o factor que facilita a inflexión de [o] para [u] provocada polo contacto con [j].

No tema de perfecto do verbo *poder* o radical *puid-*, que é o que usa Fandiño (*puido*, ABF1, 44), amósase no ALGa 1 (mapas 311, 312) como propio das terras de Mesía, onde con todo pode alternar con *poid-*, sobre todo nas formas arrizotónicas (*puideches/poideches*, *puidemos/poidemos*, etc.). Compostela, pola contra, é modernamente territorio de *pud-*.

2.2.4. Grupos consonánticos tautosilábicos nos cultismos e nos castelanismos

Se xa as fontes do galego medieval e do galego medio revelan unha tendencia a substituír por /r/ o /l/ dos grupos consonánticos tautosilábicos que presentaban os latinismos e os préstamos doutras linguas, tal tendencia, sen dúbida ben inspirada no galego oral da época, tivo natural continuidade nos textos dos inicios do século XIX (cf. Mariño Paz, 2003, 85-87), entre os que se integran sen estridencias os de Fandiño. En efecto, na obra deste autor só rexistramos dúas voces

cun grupo tautosilábico con /l/, e ningunha delas pode considerarse patrimonial: non o é, indubidablemente, o cultismo *simplista* (ABF2, 34), nin tampouco, como xa analicei noutro artigo (cf. Mariño Paz, 2005b), o sufixo *-ble* que contén o adxectivo *Imposible* (ABF1, 233). Fronte a isto, grupos con /r/ son os que se achán non só nos semicultismos antigos no idioma (*crego*, ABF1, 59, 70, 84... e ABF2, 33; *cumprir*, ABF1, 173, 274; *emprego*, ABF1, 60; *obr[i]gado*, ABF7, 11; *préitos*, ABF2, 8, 56), senón tamén nos cultismos (*afrixê*, ABF1, 426; *Aràcreto* ‘Heráclito’, ABF7, 15; *empástros* ‘emplastos’, con metátese, ABF1, 201; *frolida*, con troco de líquidas, ABF1, 286; *pruma*, ABF7, 6), nos semicultismos para os que non semella haber rexistros medievais relevantes (*pranto*, ABF1, 45)²⁸ e nos castelanismos (*afroxê*, ABF1, 129; *empreada*, ABF2, 68).

2.2.5. Grupos consonánticos heterosilábicos nos cultismos e nos castelanismos

A orientación popularizante que conduce á supresión ou á simplificación da coda silábica nestes grupos é a que predomina n’*A casamenteira*, mentres que en ABF2 e ABF7 sucede o contrario.

Na peza teatral de 1812 (ABF1) as consoantes oclusivas elimínanse sen excepcións cando van en posición posnuclear, tanto se as segue outra oclusiva coma se van antes dunha fricativa ou dunha nasal: *acetóu* (61), *escusada* (449), *escusas* (320), *Escuso* (223), *iñoras* (299), *repuna* ‘repugna’ (277). A palatalización da consoante nasal que se dá en *iñoras* pódese conectar co carácter tamén palatal da vogal que a precede e non se debe vulgar como unha invención diferencialista de Fandiño, xa que a variante *iñorar*, ademais de alcanzar moi numerosos rexistros no galego escrito do século XIX e do XX ata 1980 (cf. TILG), mereceu un recoñecemento explícito na gramática de Saco Arce (1868: 20), que a meu ver é a máis rigorosa descrición do galego da súa época: “En *indino*, indignus; *iñorar*,

²⁸ O TMILG non ofrece ningún rexistro medieval de *pranto*, mais si tres de *planto* nunha fonte que pouco creto lingüístico merece como reveladora do auténtico uso galego da época: refírome á obra poética de Garçi Ferrandes de Gerena (ca. 1390-1430), da chamada “escola galego-castelá”. Na realidade, a forma medieval que mostra o TMILG é a voz patrimonial *chanto*, que se le do século XIII a principios do XV na lírica profana, nas *Cantigas de Santa María*, na *Geral Estoria*, na *Crónica Troiana* e nos *Miragres de Santiago*. Pola súa parte, o TILG amosa que no galego escrito moderno o uso moi maioritario de *pranto* coexistiu con escasas ocorrencias do castelanismo *llanto*, máis frecuentes no século XIX ca no XX; o resultado patrimonial *chanto* non aparece en ningunha ocasión neste corpus moderno.

ignorare; *año*, agnus, cordero, se suprimió por igual razón²⁹ la *g*, compensándose en las dos últimas palabras con el cambio de la *n* en *ñ*". A xeito de confirmación de todo isto, reparemos en que García (1985, s.v.) rexistrou modernamente *ño-rar* como forma propia de Sobrado dos Monxes, é dicir, de terras moi próximas ao Albixoi onde se atopaba a casa señorial dos Fandiño.

Como forma pronominal tónica ligada á preposición *con* na primeira persoa de singular Fandiño emprega en máis ocasións *conmigo* (ABF1, 345, 460; ABF7, 6) ca *comigo* (ABF1, 252) e, aínda que o modelo de *contigo* e *consigo* debeu e debe de pesar no mantemento do grupo <nm> neste pronome, coido que a referencia do castelán se comporta con certeza como factor coadxuvante neste asunto. A conservación, probablemente derivada de momentáneas suspensións da atención xeralmente prestada á oralidade popular, predomina na brevísima réplica en prosa a T.C.M.B. (ABF7), onde, xunto a *malino* (6), achamos *constaba* (9), *expreso* (13), *texto* (13) e mais o devandito *conmigo* (6). Conservación é o que achamos tamén nunha ocasión en ABF2: *Constitución* (40). É certo que estes rexistros son tan poucos que non permiten tirar conclusións, mais coido que nestes casos de mantemento dos grupos consonánticos deberon de pesar os hábitos contraídos por Fandiño non só durante a súa escolarización, senón tamén na súa cotiá actividade como lector e produtor de textos en castelán. Sen dúbida, a formación lectoescritora deste e doutros autores galegos daquela época funcionou como un factor que por veces mediatizou e estorbou o seu probable propósito de reproducir con toda a fidelidade posible os trazos máis sobranceiros da oralidade popular do seu tempo³⁰.

2.2.6. Resultados do latín clásico QUA- en posición tónica e do latín vulgar GUA- (< xermánico W-)

Na obra de Fandiño só se rexistran as solucións propias das terras de Compostela e Mesía, que son ademais as maioritarias no moderno galego popular e no actual es-

²⁹ Esta razón explicitáraa Saco na páxina anterior: "No hay en gallego combinaciones de dos consonantes mudas, ni de muda seguida de *m* ó *n*, combinaciones todas difíciles de pronunciar y ásperas al oído" (Saco Arce, 1868, 19).

³⁰ Pola súa parte, a supresión do <g> posnuclear en *pronosticas* (ABF2, 48) débese explicar, sobre todo, polo feito de que esa era a forma normal en castelán desde o século XV (cf. CORDE) e tamén a única que acolleron os dicionarios da RAE desde a aparición do de Autoridades (1726-1739) (cf. NTLLE).

tándar: *agardandote* (ABF7, 18), *cal* (ABF1, 142, 476), *cando* (ABF1, 89, 278, 310; ABF2, 22), *canto* (ABF1, 217, 229, 271, 274, 343, 350, 481), *cantos* (ABF1, 154), *catro* (ABF7, 14), *catr* ‘catro’ (ABF1, 334). Só nun verso en castrapo de ABF1 se le unha forma distinta, que na realidade debe interpretarse non como galega, senón como castelá: “*Cuando* quise non quisistes / agora quieres non quero” (368-369).

2.2.7. Seseo e ceceo

Nos textos que estamos a analizar non se aprecian marcas gráficas explícitas nin para a gheada nin para o seseo. Porén, o seseo si está latente en varias das palabras colocadas en posición de rima consoante que se empregan en diferentes estrofas d’*A casamenteira* (ABF1). En tres ocasións as rimas do sainete esixen lecturas seseantes en posición de marxe silábica prenuclear:

Escoita, mira, detente, / non seas desesperada, / que, asi Dios me salve, nada / souben
 hastra o de presente. / ¡Probe de min, non me oyeu! / Por un lado ten razon, / que lle
 sobra, pero non / en pensar que o sabía eu. / ¿Como demonios faréi / para empantanar o
caso? / meu pai he duro e **perrazo**, / e por tema non ten lei (100-111).

Gor. Séntate comígo un pouco. / *Per.* Se quer parola a Xân Rouco, / que ô fillo doille a
cabeza. / *Gor.* Peruchiño: a min me **pesa**, / que podendo casar ben, / non o fagas: val
 quen ten; / n-hai peor mal que a **probeza**. Anque teu pai ten de seu, / tés hirmaos con
 quen partir, / e tempo chegará a vir / que che pese; e dígoe eu (252-262).

Atende aquí, sospeitoso: / o crego quérlle por boa, / e porque o sirve hay catr’anos: / e
 neles ten desenganos / de que o vento non l[]e zóa. / Nunca nada se lle véo / do que a tí
 se che **parece**, / nin tiveron aí que **pese** / todo o tempo que o servéo (332-340).

Noutras catro acontece o mesmo en posición posnuclear:

Viejo. ¿Que estás facendo **rapáz?** / ¿por qué non te vas choér? / *Per.* Prô que teño de co-
 mer, / traballe quen tivér **mans** (116-119; aquí a rima é imperfecta).

Pro muller, ti non-o **ves**, / o que co-él teño gastado / prá libralo de soldado; / ¿e agora tal
altivéz? (180-183).

Se outras che bolven o miolo, / para tí o daño **fas**; / véte e revéte **rapáz**, / ten xúicio, e
 non seas tolo (267-270).

!Ai qu'engañadiña **estás!** / Non te creas de bayuras, / nin de quen faga medidas, / que a culpa tívoa o **rapáz** (456-459).

Unha vez máis, por tanto, observamos que, aínda que fose encubertamente, Fandiño incorporou á súa obra en galego unha variante lingüística propia da contorna en que se desenvolveu a maior parte da súa vida. Dado que no seu tempo o seseo prenuclear debía de darse por terras do leste da actual provincia da Coruña (cf. Mariño Paz, 1996, 85-86), coido que este autor puido tomalo non só do galego utilizado na comarca de Santiago, senón tamén do que falarían os seus veciños de Albixoi e da súa redonda.

Se non se trata dunha simple errata, o substantivo *bacilisco* (ABF7, 5) contería un caso de ceceo, único na obra de Fandiño e raro en xeral no moderno galego escrito. O TILG amosa que nas fontes do séculos XIX e XX se utilizaron, a carón da do escritor de Albixoi, as variantes *basilisco*, *baselisco*, *basilisque* e *basalisco*, ningunha delas ceceante.

2.2.8. Outros fenómenos fonéticos

Outros trazos fonéticos revelan tamén a fidelidade básica de Fandiño aos falares propios das comarcas de Mesía e Compostela. En primeiro lugar, observamos que en dous textos distintos de 1812 e 1820 emprega denominacións do órgano musculoso da cavidade bucal que teñen <e> e non <i> como vogal tónica: *lengua* (ABF1, 272), *lengoa* (ABF7, 5). O ALGa 5 mostra que cara ao final do século XX Mesía dicía *lengua* (con [(ɛ)]) e Compostela *lencua* (tamén con [(ɛ)]), e en ningún caso *lingua* (a non ser no uso de falantes que adoptaban o estándar ou se aproximaban a el).

Polo que se refire ao desenvolvemento de consoantes nasais en posición interior de palabras que experimentaran antiga nasalización anticipatoria dunha vogal e posterior caída da consoante nasal intervocálica que a seguía, debemos dicir que Fandiño usa *tendes* (ABF1, 309) e non *tedes*, e que *tendes* (ABF5, 2) é tamén a variante que comparece nunha cántiga popular que el probablemente oíu cantar nas comarcas en que residiu e que logo publicou en 1820: “Meu señor santo Tomé, / tendes dous nomes nun só, / sodes castrón polo mé, / é sodes cán polo tó”. Así mesmo, *tend-* é o lexema verbal da P5 do imperativo que se le no

dito popular *home que estades nese sacón, tendeme conta desta razon* (*Heráclito* 3, 28.04.1820, p. 18). Pois ben, o ALGa 1 (mapa 373) sitúa *tendes* e *tedes* en Mesía e soamente *tedes* en Santiago de Compostela, mais neste caso a moi poucos quilómetros da isoglosa que marca a transición cara á zona occidental e meridional de *tendes*; no imperativo, *tende* e *tede* recolléronse en Mesía e en Santiago unicamente *tede* (ALGa 1, mapa 378). Con todo, os datos relativos á capital galega poden ser precisados acudindo ás informacións fornecidas por Dubert García (1999, 202-203), quen sinala que na actualidade *tendes* e *vindes* son, dentro da comarca compostelá, formas occidentais e meridionais, mentres que *tedes* e *vides* se usan preferentemente na cidade e na zona oriental.

Sen vinculacións etimolóxicas con ningunha consoante nasal en posición intervocálica está a variación entre *esquencer* e *esquecer*: Fandiño decantouse pola primeira (*esquénce*, ABF1, 218), que é precisamente a que o ALGa 3 (mapa 265) coloca tanto en Mesía coma en Santiago, aínda que en Compostela semella alternar con *esquecer*.

2.2.9. O artigo

Canto á representación do alomorfo *lo(s)/la(s)* do artigo determinado, Fandiño comportouse coma moitos dos escritores galegos dos séculos XIX e XX, pois só a realizou tras a preposición *por*: *po-lo* (ABF1, 135), *polo* (ABF5, 3, 4), *po-la* (ABF1, 199, 377), *po-las* (ABF1, 389). En efecto, despois de formas verbais ou conxuncións terminadas en /t/ ou en /s/ utilizou sempre *o(s)/a(s)*: *empantanar o caso* (ABF1, 109), *Amais o demo tamen* (ABF1, 162), *¿Qués o teu gusto cumprir?* (ABF1, 173), *comer o pan do rei* (ABF1, 214), *he capáz d[e] por a vida* (ABF1, 318), *levarás a vida triste* (ABF1, 370), *comer o pan e porco* (ABF1, 509), *que as mandara tocar ó Ilustrísimo Cabildo* (ABF7, 7-8).

O uso soldado de preposicións e artigos está consolidado nos textos de Fandiño cando as preposicións implicadas son *con* e *en*, e aproxímase á plena consolidación cando se trata de *a*, *de* e *pra* (mais non coa variante plena *para*). Verbo disto, por tanto, obsérvase nas fontes sometidas á análise máis proximidade á escritura de orientación fonética ca á baseada en principios analíticos que procuran a distinción e expresión rigorosa de todos os elementos que entran en xogo na cadea elocutiva.

Parécenme pouco relevantes os datos relativos aos encontros con *de*³¹ (*do*, *d'un...*) e *en* (*no*), pero creo que si merecen algún comentario os de *con*, *a* e *pra*. No tocante á primeira destas tres preposicións, a contracción márcase sempre, como *co-o* en ABF1 (287, 365, 416, 420), como *co(s)* en ABF3 (14, 15) e, no feminino, como *co-a(s)* en ABF1 (138, 218, 272, 293, 465). Non se rexistra nunca a variante reducida *ca*, pouco frecuente nas fontes desta época.

Coma na maioría dos textos do período pregaleguista, na obra de Fandiño predominan con toda a clareza as representacións explícitas da contracción entre a preposición *a* e o artigo *o(s)*³². Fronte á solitaria ocorrencia de *a-o* (ABF1, 513) sitúanse a maioritaria *ô* (ABF1, 72, 156, 184...), *O-o* (ABF1, 315, 394, con reduplicación gráfica) e, fóra de ABF1, *ó* (ABF2, 37; ABF4, 2) e *Ó* (*Heráclito* 27, 21.07.1820, p. 211). Mención á parte reclama *canto-o demais* (ABF1, 481), onde se percibe a vontade de analizar e separar na escrita dous elementos que na lingua oral adoitan soldarse en [ɔ]: *canto ao*. Con *pra* observamos soldadura gráfica e fónica en *Prô* (ABF1, 118) e soldadura fónica pero non gráfica en *pra un* e *pra-o*, que deben lerse como monosílabos nos versos octosilábicos en que se atopan: “que o casar n’he pra un día solo” (ABF1, 244), “que pra-o caso tanto monta” (ABF1, 496). Separación gráfica e sinalefa é o que se dá entre *para* e *as* no seguinte verso: “xâ para as galas che deron” (ABF1, 384).

En situacións de contacto lingüístico prolongado coma a nosa, o momentáneo cambio de código en calquera das dúas direccións posibles cárgase de evidentes valores expresivos, a miúdo enfatizantes. Este recurso, utilizado adoito na lingua oral, foi levado á escrita por varios escritores galegos de principios do século XIX (cf. Mariño Paz, 2003, 101-102), e entre eles cóntase Fandiño. Ocorre isto nunha ocasión n’*A casamenteira*, onde a adopción dun castelanismos lexical pertencente ao campo semántico da relixión (*demonio*) arrastra canda ela a do artigo *el*: “Imposible que *el* demonio / que decote he mal agoiro / n-inventase este casoiro, / mal chamado matrimonio” (ABF1, 233-236). A meu parecer, valor enfatizante poderíase atribuír tamén ao uso de *del* no seguinte contexto: “é probar do demo remedio tés ou quedar muy porcamente,

³¹ Só nun caso se le unha forma non contracta de *de*: *de un arrieyro* (ABF3, 13).

³² É o mesmo que acontece cando o encontro se produce co artigo feminino, pois fronte ás habituais solucións contractas (entre as que predomina *â*), álzase nunha ocasión *a-as* (ABF1, 393).

porque che é de dereito, é texto muy expreso del *actori incumbit probatio*, en latin é todo” (ABF7, 12-13).

2.2.10. Formas e usos dos pronomes persoais

Nos textos sometidos á análise obsérvase en xeral unha notable fidelidade ás formas e usos pronominais propios do galego popular, ao paso que os usos e formas castelanizantes improprios de tales falas son minoritarios. Vexámolo nunha concisa exposición.

En relación cos pronomes persoais, as escollas de Fandiño volven a ser respectuosas coas características dos falares das súas terras de nacemento e residencia habitual:

- uso de *ti*, con ou sen til agudo, para a segunda persoa do singular en función de suxeito, tanto en ABF1 (121, 166, 180...) coma en ABF2 (47) e ABF7 (4, 9);
- utilización de *el* (ABF1, 178), *él* (ABF1, 181, 322, 342, 403), *eles* (ABF1, 516) e *neles* (ABF1, 335) para o masculino da terceira persoa, en función de suxeito ou como termo de preposición³³;
- agás nun caso castelanizante que se atopa no interior dun anacoluto³⁴, emprego do clítico *te* como acusativo reflexivo e non reflexivo e de *che* como dativo, de acordo non só co uso moderno de Compostela e Mesía, senón

³³ Canto ao pronome feminino de terceira persoa, non é posible determinar cal sería o uso persoal do autor, xa que *ela* rima nalgúns ocasións con voces que teñen /'e/ (*comedela*, ABF1, 265; *bebedela*, ABF1, 455; *apela*, ABF2, 53; *tréla*, ABF2, 61) mentres que noutras o fai con palabras con /'e/ (*escollela*, ABF1, 296; *teña*, ABF1, 316). Certamente, Fandiño amósase en toda a súa obra moi pouco escrupuloso en relación co grao de abertura das vogais medias das palabras que utiliza en posición de rima: *mullér* (ABF1, 54)/*escoller* (ABF1, 57), *saber* (ABF1, 62)/*mullér* (ABF1, 65), *onte* (ABF1, 63)/*desponte* (ABF1, 64), *ten* (ABF1, 84; P2 do imperativo)/*ben* (ABF1, 85), *quixèr* (ABF1, 319)/*tér* (ABF1, 322), *peste* (ABF2, 15)/*este* (ABF2, 16), etc. O noso autor rimou antes pola vista ca polo oído.

³⁴ Trátase do seguinte uso de *te*: “Mais che valera ser besta de un arrieyro, que *te* dé en tomar da miña conta” (ABF3, 12-13). Convén recordar, a propósito disto, que os textos do *Heráclito* abundan en erratas e mesmo en pasaxes que resultan inintelixibles por estaren mal redactadas. Así llo recoñecía Fandiño a un lector anónimo da Coruña que lle afeara este defecto: “En lo que dice del papel, letra, y ortografía de mi Heráclito; tiene sobradísima razón, é yo soy inculpable. Crea V. que mas tiempo me lleva corregir en la imprenta, que escribir el periodico, y no obstante sale mal. A fin de mes, se pondrán las erratas en papel separado, que algunas alteran el sentido, y otras le hacen aspero y vicioso, á mas de las puramente de prensa” (*Heráclito* 8, 16.05.1820, p. 63).

tamén co da maior parte do territorio galegofalante: “¿por qué non *te* vas choér?” (ABF1, 117), “Queda agardandote Fandiño” (ABF7, 17-18), “vou a *darche* mullér” (ABF1, 65), “a tí pouco *che* debin” (ABF1, 88), etc.;

- distinción de número entre os clíticos de dativo *lle* (singular) e *lles* (plural), que o ALGa 2 (mapa 182) amosa tanto en Mesía coma en Compostela, se ben neste segundo concello a investigación de Dubert García (1999: 147-148) descubriu recentemente unha tendencia, non xeneralizada, a prescindir de *lles* como forma específica do plural: “o crego se ha d’enfadar / se *lle* digo que non quero” (ABF1, 112-113), “Ai Xán, á tua casa oxê / non *lle* da o vento unha volta (ABF1, 126-127), “Nunca nada se *lles* veo” ‘ao cura e á criada’ (ABF1, 410), etc.³⁵ Hai usos de *llo* con complemento indirecto singular, mais no corpus explorado non se ofrecen contextos que permitan verificar se Fandiño utilizaría ou non a solución soldada *llelo* con complemento indirecto plural.

Hai outros aspectos relativos ás formas ou aos usos pronominais que Fandiño soubo recoller das falas populares do seu tempo mais que non teñen unha distribución diatópica tan definida. Sinalarei sucintamente algúns deles.

Cando a preposición *con* conflúe cos pronomes persoais de terceira persoa que poden ser suxeito, o escritor de Albixoi flutuou entre as variantes populares con supresión da consoante nasal e soldadura e as solucións analíticas con mantemento da separación gráfica e fónica das dúas unidades: *co-el* (ABF1, 178), *co-él* (ABF1, 181), *co-ela* (ABF1, 295, 342), *con él* (ABF1, 403), *con ela* (ABF1, 466; ABF2, 51).

En dúas ocasións marcou explicitamente a realización alveolar da consoante nasal final do adverbio *non* situado antes dun clítico complemento directo. Trátase, con certeza, dun trazo característico da lingua popular que Fandiño (ou se cadra o seu impresor de Pazos, como antes vimos) foi quen de advertir e representar. O medio gráfico utilizado para conseguir este fin foi o guión: “Pro muller, ti *non-o* ves” (ABF1, 180), “eu *non-o* hei de escoitar” (ABF1, 273). Marcaxes análogas a estas xa se len nas fontes medievais e abundan nas dos inicios do XIX (cf. Mariño Paz, 2003, 112), mais, evidentemente, non se produciron de manei-

³⁵ Cabe a posibilidade de interpretar como *lle* plural o caso de “Nunca nada se *lle* véo / do que a tí se che parece” (ABF1, 337-338), mais é probable que o referente dese *lle* sexa só “a criada”, e non “o cura e mais a criada”.

ra sistemática, como poñen en evidencia, entre outros moitos, os seguintes tres rexistros d'*A casamenteira*:

- Algunha teño; (*aparte*) o mellor / será non a descubrir (ABF1, 122-123)
- non a lograba ninguén (ABF1, 147)
- non o fagas: val quen ten (ABF1, 257)

Unha alternativa a *non-o* igualmente popular e antiga que tamén se usa en ABF1 é *no*. Esta variante, posto que xa se le en textos dos séculos XIII ou XIV, puido nacer como resultado dun proceso fonético consumado cando aínda operaba no noso romance a caída da consoante nasal en posición intervocálica: *non lo > nonno > nõno > nõ o > no o > no*. A pesar de que o ALGa 2 (mapas 176, 177) mostra a existencia de solucións bisilábicas *no o(s) / no a(s)* no galego popular de finais do século XX, cómpre advertir que os *no-o* d'*A casamenteira* deben lerse como monosilábicos, xa que de non o facer así os versos en que se atopan resultarían hipermétricos³⁶:

- Por min fai o que quixêres, / a ama do crego ten: / que se o ganou mal, ou ben, / *no-o* deben decir mulleres (ABF1, 83-86).
- O termo hastra aquí encuberto / foi unha gran picardía, / e o decir que *no-o* sabías, / eso, Perucho, n'he certo (ABF1, 91-94).
- O casarse qué carño / e se *no-o* hay sale mal, / que n-hai ningun animal / indómeto a-o aloumiño (ABF1, 510-513).

Sobre a base desta forma *no* 'non o' e por un proceso analóxico debeu de se crear a variante *n'* do adverbio *non*. Esa variante tamén alcanzou moito uso en ABF1 (cf. epígrafe 2.2.16).

N'*A casamenteira* hai un caso certo de emprego do popular tratamento cortés por *el* ou *ela*, hoxe en día xa en transo en extinción na lingua oral. Na seguinte pasaxe Técola, a moza enganada, dispénsallo á tía Goras, que por súa vez trata a rapaza de *tí*:

³⁶ Por outra parte, é evidente que a decisión tomada para *no-o* é congruente coas que conduciron a representar *co* como *co-o* (ABF1, 287, 365, 416, 420), *ó* 'ao' como *O-o* (ABF1, 315, 394), *ás* como *a-as* (ABF1, 393) e *cantó* 'canto ao' como *canto-o* (ABF1, 481).

Gor. Tecoliña, para min, / a tua queixâ eche escusada, / que do que dís non sei nada, / e he falarme latin.

Téc. ¿Como non sabe, se *ela* / foi a que á Rouco tratou / o casamento, e levou / o seu fillo â bebedela? (ABF1, 448-455).

Este uso pronominal de respecto é congruente coa aplicación a Goras do tratamento de *tía*, que, a pesar de que na actualidade tamén se vai perdendo, aínda foi rexistrado por García (1985, s.v.) como fórmula aplicada por deferencia a persoas anciás. Pola súa parte, o tratamento cortés por *vós*, moi vivo no galego dos inicios do século XIX, rexístrase nun dito popular recollido por Fandiño para un artigo do *Heráclito*: *home que estades nese sacón, tendeme conta desta razon* (*Heráclito* 3, 28.04.1820, p. 18).

Por último, o moderado emprego do dativo de solidariedade resulta natural neste monllo de textos en que o ton coloquial e popular predomina sen excepcións: “eu de nada *che* me espanto” (ABF1, 331); “levarás a vida triste, / que eu ben alegre *cha* levo” (ABF1, 370-371); “Tecoliña, para min, / a tua queixâ *eche* escusada (ABF1, 448-449); “canto-o demais, non sei nada, / que *che* he tarabeleada, / ou mais ben cousa de nenos” (ABF1, 481-483); “mira, vaite á modo, / é conta con ela, / que nunca *che* he bobo / todo aquel que apela” (ABF2, 50-53); “porque *che* é de dereito” (ABF7, 12-13); “non *che* me tallei” (Fandiño, 1812a, IV); “Eche verdá mentireyro” (*Heráclito* 43, 15.09.1820, p. 340).

Non faltan, con todo, algúns usos castelanizantes que, a meu parecer, deben apoñerse antes aos hábitos do individuo bilingüe que compuxo os textos ou ás esixencias métricas ou de rima que se lle presentaron na construción dalgúns versos que á súa presunta presenza ou preponderancia nos falares populares de principios do século XIX:

- a preferencia por *conmigo* (ABF1, 345, 460; ABF7, 6) en detrimento de *comigo* (ABF1, 252);
- o calco *que eu* inspirado no castelán *que yo* como segundo termo de comparación no canto da forma propia *ca min* en “Era mais probe *que eu*” (ABF1, 402); con todo, coido que este uso veu forzado pola busca dunha rima coa forma verbal *deu*, que se le no verso 405;
- a próclise do pronome átono na seguinte oración non dependente: “o crego *se* ha d’enfadar / se lle digo que non quero” (ABF1, 112-113); neste caso

a éncise coa forma modotemporal podería provocar hipermetría (“o crego hase de enfadar”).

2.2.11. *Paradigma dos demostrativos*

No tocante ao paradigma dos demostrativos Fandiño actuou de novo como fiel reprodutor do moderno uso propio das terras de Mesía e Compostela, que é tamén o da maior parte do territorio galego³⁷. Na Táboa 1 presento os demostrativos que detectei no conxunto dos textos do escritor³⁸, entre os cales non se advirten discrepancias relativas a esta cuestión.

	MASC. SING.	FEM. SING.	MASC. PL.	FEM. PL.	INVARIABLE
I	este	esta	---	---	esto
II	ese	---	---	---	eso
III	aquel	aquela	---	---	aquelo

Táboa 1. Demostrativos rexistrados na obra en galego de Antonio Benito Fandiño

2.2.12. *Morfoloxía nominal*

Cunha solitaria excepción forzada polas esixencias da rima (*mans*, en ABF1, 119, que debe rimar co substantivo *rapáz*, situado tres versos antes), as variantes que utilizou Fandiño para as variables relacionadas coas flexións nominais resultantes da desnasalización vocálica son as do bloque central do galego moderno, é dicir, aquelas que en xeral caracterizan as falas de Mesía e Compostela, se ben cómpre recoñecer que a este respecto Santiago constitúe un enclave fronteirizo entre o centro e o occidente³⁹. Como xa indiquei noutro lugar, no conxunto dos textos de ambientación compostelá dos inicios do século XIX rexístranse os sistemas de transición, ou as alternancias, que caracterizan a(s) fala(s) da comarca

³⁷ Para a variación diatópica no paradigma dos demostrativos no galego contemporáneo cf. ALGa 2 (mapas 223-235) e Fernández Rei (1990, 69-73).

³⁸ Ás formas consignadas neste cadro débeselles engadir *estoutro* (ABF2, 16).

³⁹ Para a descrición dos usos observables actualmente neste concello no tocante a estas variables morfolóxicas cf. Dubert García (1999, 83-87, 96-99).

de Compostela, polas que “discorren, baixando máis ao leste ou máis ao oeste, as liñas que no mapa separan as zonas de irmán das de irmao, as de (a) irmán das de (a) irmá e as de irmáns das de irmás” (Mariño Paz, 2003, 161). Deixando de lado precisións que creo non veñen ao caso, pódese dicir que a bisbarra de Santiago de Compostela está situada a cabalo entre os que a dialectoloxía galega actual denomina bloque occidental e bloque central, de tal xeito que, en xeral, as terras do oeste compostelán se integran no primeiro e as do leste no segundo.

Canto ás variables *-ao* / *-an* (< -ANU) e *-a* / *-an* (< -ANA), os resultados recadados na obra de Fandiño son, coa excepción xa sinalada e deixando á parte o castelanismo *campana(s)* (ABF1, 154; ABF7, 7), *-ao(s)* para -ANU e *-á* para -ANA: *irmao* (ABF1, 73), *hirmaos* (ABF1, 260), *mao* (ABF1, 419, 519) e *mañá* (ABF1, 68). Coido que é significativo que, mentres que *mans* se usou unha soa vez e só por estritas necesidades de rima, en posición interior de verso a mesma palabra adoptou a variante diatópica *mao*. Polo que se refire aos plurais das palabras polisílabas agudas e monosilábicas rematadas en consoante nasal, as variantes preferidas son igualmente as centrais coa xa mencionada salvidade de *mans*: *cas* (*Heráclito* 39, 01.09.1820, p. 308), *mandós* (ABF2, 9), *moniciós* (ABF1, 220, 383) e *municiós* (ABF1, 78). No tocante a estas variables morfolóxicas, non se perciben diferenzas entre os distintos tipos de textos en galego producidos por Antonio B. Fandiño.

O autor de Santiago e Mesía emprega ambas as variantes da variable *-dade(s)* / *-dá(s)*, mais non libremente. Nas composicións en verso a súa escolla está determinada, coma noutros casos, polos requisitos de medida e rima, que n’*A casamenteira* e nunha das cántigas populares de ABF4 obrigan ao uso das solucións terminadas en *-dá*. Son os dous requisitos antes mencionados os que imponen a elección das variantes truncadas nos seguintes versos:

- Anque algo me turbóu / o xúdas da *novedá*, / caléi; hastra esta mañá / que consigo me levóu (ABF1, 66-69).
- Canto dixô esta mullér / he a mesma *realidá*, / e sendo a pura *verdá* / non ten mais certo que ser (ABF1, 350-353).
- ¡Ai birbon! esta mullér / non contou mais da *verdá*, / e a picardía, e *maldá*, / en tí a chego a conocer (ABF1, 486-489).

Nestoutros catro casos é só a necesidade de lles dar aos versos a medida xusta o que determina a escolla do poeta:

- Que qués Técola ben sei, / e que tés *amistá* co-ela, / mais pra muller escollela, / Perucho nunca o pensei (ABF1, 294-297).
- Canta tí pra eu chorar, / po-la *ruindá* que me fas (ABF1, 376-377).
- O-o gran bribon de teu pai / heino de ver eu pedir, / que Dios n-ha de premitir / esta *maldá* que me fai (ABF1, 394-397).
- O acabar á ninguen, / sobre *maldá*, he burrada; / solo aventura quen tén, / que ó outro, leve Dios nada (ABF4, 9-13).

Polo contrario, en ABF2 Fandiño optou por *abade* e non por *abá*, pois nesta ocasión só a primeira destas variantes lle satisfacía as necesidades de rima: “Non valía peluca, / nin valía baston, / nin ter nena cuca, / nin ser farolón, / nin bolra, nin grado, / nin crego, nin frade, / simplista, ou *abade*, / conde, nin marqués” (ABF2, 28-35). Así e todo, cómpre non esquecer que *abá* é unha variante truncada só discretamente utilizada nos textos galegos dos inicios do século XIX (cf. Mariño Paz, 2003, 182).

Na breve resposta en prosa a T.C.M.B. comparecen unha forma plena e outra reducida: *voluntade* (ABF7, 15) e *verdá* (ABF7, 17).

É evidente, por tanto, que estamos ante unha variable lingüística para a que o galego de principios do XIX ofrecía dúas variantes que os escritores daquel tempo, e entre eles Fandiño, utilizaron a conveniencia.

2.2.13. *Morfoloxía verbal regular*

En xeral, as variantes seleccionadas por Fandiño no ámbito da morfoloxía verbal regular son solucións que se utilizan popularmente en Compostela, no sueste da actual provincia da Coruña ou en ambas as zonas a un tempo, unhas veces en exclusiva e noutras ocasións en alternancia con outras formas. Nas liñas que seguen repasarei con brevidade algúns dos trazos que corroboran esta afirmación inicial.

A vogal temática da P3 dos pretéritos de indicativo da terceira conxugación e do verbo *ver* é /e/, e non /i/, como en xeral por todo o sur e o leste da actual provincia da Coruña, entre outras zonas (cf. Fernández Rei, 1990, 83-84; ALGa 1,

mapa 402): *oyeu* (ABF1, 104), *servéu* (ABF1, 340), *véo* (ABF1, 337), *veo* (ABF1, 410). Con todo, Santiago é unha cidade que está próxima de áreas en que o que domina é ou ben a utilización de /e/ como vogal temática para os verbos da CII e /i/ para os da CIII (*colleu/partiu*), ou ben a indistinción a favor de /i/ (*colliu/partiu*). No seu ámbito municipal Dubert García (1999, 165-168) chegou a rexistrar os tres sistemas devanditos.

Digno de mención paréceme tamén o caso da vogal temática da P3 do presente de indicativo do verbo *valer*, que é sempre ‘ceró’ na obra de Fandiño, con documentación en tres textos distintos: *val* (ABF1, 257; ABF2, 60; ABF3, 15). Modernamente, o ALGa 1 (mapa 123) sitúa o uso desta variante no concello de Ames, veciño do de Compostela, e tamén nos de Vilasantar e Sobrado, moi próximos a Mesía polo leste⁴⁰.

Se durante a primeira metade do século XIX o SNP ‘ceró’ para a P5 dos imperativos debía de ter un considerable nivel de uso á par de *-de* polo sur da actual provincia coruñesa ao tempo que *-s* sería no mesmo espazo xeográfico unha variante moi utilizada xunto con *-des* como SNP da P5 da maior parte do resto dos tempos verbais (cf. Mariño Paz, 2003, 214-221), podemos afirmar que os rexistros da obra galega de Fandiño cadran con tales hipotéticos usos das terras en que naceu e viviu: *deparádeme* (ABF1, 240), *facede* (ABF1, 431) e *quedá* (ABF1, 231) no imperativo e *estirés* (ABF2, 21), *sodes* (ABF5, 3, 4) e *estades* (*Heráclito* 3, 28.04.1820, p. 18) noutros tempos⁴¹. Aínda que *sodes* aparece nunha cántiga e *estades* nun dito popular, non temos datos suficientes que nos permitan afirmar que o uso propio de Fandiño sería diferente: tal afirmación non se podería soste-lo sobre o solitario rexistro de *estirés*. Do SNP *-stedes* para a P5 do pretérito de indicativo (*anduvéstedes*, ABF2, 26) podemos dicir que é digno de consideración o feito de que nos nosos días se rexistrase nos falares de diversos barrios composteláns (cf. ALGa 1, mapas 10, 57, 146; Dubert García, 1999, 176-177).

⁴⁰ Fandiño tamén se decanta polo emprego de *quér* (ABF1, 177, 328, 333, 510) ou *quer* (ABF1, 253; ABF2, 22) fronte a *quere* (ABF1, 439). O ALGa 1 (mapa 337) non rexistra o uso moderno de *quer* nos enclaves do sur e o leste da provincia da Coruña en que si sitúa o de *val*, mais, en todo caso, a preferencia de Fandiño por *quer* está en consonancia coas tendencias observables noutras fontes lingüísticas e meta-lingüísticas do século XIX (cf. Mariño Paz, 2003, 210).

⁴¹ Non tomei en consideración nin *tendes* (ABF1, 309; ABF5, 2) nin *tende* (*Heráclito* 3, 28.04.1820, p. 18), onde, por non estar en posición intervocálica, non foi posible a caída de [ð].

Como SNP da P3 dos pretéritos de indicativo da terceira conxugación e do verbo *ver* o noso autor decantouse n' *A casamenteira* a prol de *-o*, mais de par dun caso de *-u*: *oyeu* (ABF1, 104), *servéo* (ABF1, 340), *véo* (ABF1, 337), *veo* (ABF1, 410). Pois ben, se o padre Sobreira (1979, 443), que viviu un tempo en Santiago, estaba no certo, *-o* sería o uso predominante para este sufixo na Compostela de finais do século XVIII, na que Fandiño naceu, medrou e se educou. Hoxe, en troques, semella ser *-u* a variante utilizada tanto por Santiago coma por Mesía, mais o ALGa 1 (mapa 55) mostra rexistros de *-o* (*colleo*) en puntos non moi distantes destes dous que están situados no norte da provincia de Pontevedra.

Como SNP da P2 dos pretéritos de indicativo a variante que emprega con máis frecuencia o noso autor é *-che*, con dúas excepcións para *-ches*. A primeira das variantes predomina n' *A casamenteira* e non coñece competencia nos poemas de ABF2: *andiveche* (ABF1, 417), *entendiche* (ABF2, 74), *foche* (ABF1, 379, 414), *foches* (ABF1, 90, 382), *naciche* (ABF1, 151), *serviche* (ABF2, 71). Na lingua popular de finais do século XX tanto Santiago de Compostela coma Mesía eran concellos en que en xeral triunfaba a variante *-ches*, mais non sen unha residual resistencia de *-che*. En efecto, se aínda na Compostela actual *-che* adoita alternar libremente con *-ches* na actividade lingüística de bastantes falantes (cf. Dubert García 1999: 176), o ALGa 1 mostra que en Mesía, a pesar de que a norma era xa *-ches* hai uns trinta anos, chegaron a rexistrarse cando menos algúns usos de *colliche* e de *viche* (cf. ALGa 1, mapas 54, 401). Tamén é certo, por outra parte, que cara ao final do século pasado Mesía se presentaba como un territorio que xa entestaba coa zona centro-oriental en que os investigadores do ALGa detectaron un uso sólido de *-che*, quer como solución única, quer alternando con *-ches* (cf. Fernández Rei, 1990, 87, 88). En efecto, *-che* e *-ches* convivían, preto de Mesía, nos concellos coruñeses de Vilasantar, Sobrado dos Monxes e Aranga e, pola banda occidental da provincia de Lugo, nos de Guitiriz, Friol e Palas de Rei. En solitario, *-che* detectouse nun concello tan próximo ao de Mesía como é o de Toques. Se ademais destes datos ponderamos o feito, para min incontrovertible, de que nos últimos séculos o uso de *-che* veu recuando a prol do de *-ches* (cf. Mariño Paz, 2003, 213-214), reuniremos argumentos suficientes para soste que no tempo en que viviu Fandiño *cantache*, *naciche* ou *serviche* tiñan que gozar de bastante vitalidade no sueste coruñés.

2.2.14. Morfoloxía verbal irregular

Tamén no eido da morfoloxía verbal irregular as variantes seleccionadas por Fandiño son, quitando algunhas excepcións, as propias quer de Compostela, quer de Mesía, quer de Compostela e de todo o sur ou o sueste coruñés en xeral. Xa que logo, creo que na obra deste autor houbo poucas concesións ao préstamo ou á mestura dialectal tamén neste terreo.

No tema de perfecto do verbo *ter*, o lexema *tiv-* é, segundo o ALGa 1 (mapa 36), unha variante que na actualidade se usa tanto en Mesía coma en concellos veciños deste situados tanto ao seu leste coma ao seu oeste, normalmente en concorrencia con *tuv-*. Esta, por súa vez, é a solución predominante hoxe en Compostela, cidade que con todo está rodeada de puntos en que se usa tamén *tiv-*, variante que, segundo Dubert García (1999, 209), é na actualidade “patrimonio do exterior da cidade [de Santiago], da área rural”, onde semella predominar en “informantes de fala moi conservadora”. En xeral, *estiv-* e *andiv-* rexistráronse modernamente tamén por todo o sur e o sueste coruñés, non poucas veces en alternancia con *estuv-* e *anduv-* (ou ben con *and-*, no caso de *andar*) (cf. ALGa 1, mapas 200, 246). Neste marco intégranse sen estridencias os usos detectados na obra de Fandiño, que na súa inmensa maioría presentan /i/ como vogal radical do tema de perfecto destes tres verbos: *tivér* (ABF1, 119), *tívoa* (ABF1, 459), *estiven* (ABF1, 440), *andiveche* (ABF1, 417), *andiveron* (ABF1, 383), *anduvéstedes* (ABF2, 26). Pódese dicir basicamente o mesmo a propósito da escolla de *tendes* e *tende* no canto de *tedes* e *tede*, como xa indiquei anteriormente.

No tocante aos presentes de subxuntivo de *ser*⁴², *estar* e *dar*, o ALGa 1 (mapas 366, 248, 230) mostra que Compostela⁴³ e Mesía —e en xeral o sueste coru-

⁴² Como P2 do presente de indicativo de *ser* lese *es* en ABF7 (4). Esta, que é na actualidade a solución máis espallada na lingua oral popular, é tamén a que se impón por todo o sur da provincia da Coruña, por máis que en Compostela se rexistrase *eres* e en Sobrado dos Monxes a alternancia entre *es* e *eres* (cf. ALGa 1, mapa 353). Ora ben, o traballo de Dubert García (1999, 207) permite afinar estes datos do ALGa, xa que amosa que “a forma tradicional [*es*] aparece nos informantes de procedencia rural, mentres que a castelanizada domina o territorio urbano”.

⁴³ A investigación de Dubert García (1999, 205-207) tamén permite precisar estes datos no relativo ás falas da Compostela actual. Na realidade, *dea* e *estea* úsanse nesta comarca alternando con *dé* e *esté*, cunha distribución social: as variantes converxentes coas do castelán son as preferidas polos falantes máis novos e polos máis urbanos. Canto ao presente de subxuntivo do verbo *ser*, este investigador só rexistrou *sex-* na actividade lingüística dun universitario neofalante, en tanto que *se-* foi o lexema que detectou nas entrevistas realizadas ao resto dos seus informantes (cf. Dubert García, 1999, 208). Xa que logo, *dea*, *estea* e *sea* debían de ser as variantes propias da Compostela en que viviu Fandiño.

ñés— son terras de *sea*, (*es*)*tea* e *dea*, ao paso que os concellos de Aranga, Sobrado dos Monxes, Toques e Santiso, situados un pouco máis cara ao levante, son xa territorio de *seña* e de *esteña*. Fandiño atívose tamén a estes usos composteláns e mesiaos reflectidos no *Atlas Lingüístico Galego* ao final do século XX, cunha soa excepción: *seas* (ABF1, 101, 270; ABF7, 4), *sea* (ABF2, 41), *estea* (ABF1, 301), *deas* (ABF1, 291), *dea* (ABF1, 196, 265). Probablemente non será produto da pura casualidade o feito de que esa única excepción anteriormente aludida compareza nun brevísimo texto que, afeado polos anacolutos, semella escrito con precipitación e con pouca ou nula revisión previa ao acto da impresión:

Ay Manuel, Manuel: male á morte que te deichou si me descoso. Mais che valera ser besta de un arrieyro, que te *dé* en tomar da miña conta. Podesme creer que aunque te volvas demo; encontranse os guardias cos metedores; é conta co dito, que nada val ó licenciado contra ó licencioso (ABF3, 12-15).

A meu ver, é probable que este *dé* obedeza simplemente a un descoido castellanizante que podería explicar igualmente o emprego do *te* proclítico inmediatamente anterior.

Como P3 do pretérito de indicativo deste verbo o galego moderno presenta, ademais da minoritaria *diu*, as variantes *dou* e *deu*. É *dou* a que o ALGa 1 (mapa 225) sitúa por todo o centro e o sur da provincia da Coruña, mais o certo é que o concello de Mesía se atopa preto da fronteira que marca a transición para a área oriental de *deu*: de feito, *dou* e *deu* coexisten na fala de Feás, mentres que Toques, no extremo sudoriental da provincia da Coruña, xa é territorio de *deu*. Pois ben, Fandiño, que sen dúbida estaba afeito a oír ambas as variantes, utilizounas en dous versos consecutivos con vontade estilística, reservando *deu*, por motivos obvios, para a posición de rima:

Era mais probe que eu
antes de con él entrar,
e logo *dou* en medrar
porque á gandaina se *deu* (ABF1, 402-405).

Polo que atinxe ás P2, P3 e P6 do presente de indicativo de *dicir* (nos textos de Fandiño, sempre *decir*), Compostela e todo o sueste da provincia da Coruña están inseridas no que hoxe é a área de *dis*, *di* e *din*, mais convén reparar en que no seo desta área non son poucos os puntos con variación *dis/dices*, *di/dice* e *din/dicen* en que as variantes con raíz *dic-* adoitan ser as máis utilizadas polos máis vellos (cf. ALGa 1, mapa 234; Fernández Rei, 1990, 95). Este detalle parécese congruente cos datos que ofrece o conxunto dos textos coñecidos da época de Fandiño, que, tendo nunha elevada porcentaxe de casos procedencia ou ambientación compostelá, acolleron con abundancia as formas *dices*, *dice*, *dicen* (ou *deces*, *dece*, *decen*) (cf. Mariño Paz, 2003, 228-230). N' *A casamenteira* o escritor de Albixoi utilizou preferentemente as variantes innovadoras: *dicen* (ABF1, 313), *dis* (ABF1, 450), *di* (ABF1, 79), *di* (ABF1, 326) e *dínme* (ABF1, 387). Cada unha delas, nos seus respectivos versos, satisfai diferentes necesidades de medida e rima.

A vogal radical das P2 dos pretéritos de indicativo de *ir* e *ser* que utiliza Fandiño é sempre <o>: *foches* (ABF1, 90, 382), *foche* (ABF1, 379, 414). É certo que o ALGa 1 (mapa 360) presenta tanto Compostela coma o sueste coruñés como terras de *fuche(s)*, mais tamén o é que Santiago se sitúa na mesma fronteira coa faixa occidental en que a vogal radical desta forma é /'o/. Segundo Dubert García (1999, 216-217), *fuche(s)* é basicamente a variante da parte oriental da comarca.

No presente de subxuntivo de *poder* o lexema *poíd-*, con [(ɔ) ou con [(o), triunfa hoxe tanto en Compostela coma no sueste coruñés, mais convivindo con algún rexistro illado de *pod-*, que é sobre todo a solución propia do extremo occidental da provincia (cf. ALGa 1, mapa 314). Por outra parte, Mesía e a súa contorna son zonas de *puido* e Compostela, a pesar de presentar só *pudo* no ALGa 1 (mapa 311), encóntrase poucos quilómetros ao sur da área de *puido*. N' *A casamenteira* o que lemos é precisamente *poída* (ABF1, 271) e *puido* (ABF1, 44).

Pór e *poñer* coexisten nesta peza teatral escrita na cadea santiaguesa en 1812: *por* (ABF1, 318), *poñer* (ABF1, 277). Santiago é no noso tempo territorio de *poñer* (cf. ALGa 1, mapa 333), mais debemos ponderar o feito de que nas tertulias compostelás das primeiras décadas do oitocentos, aínda predominando *poñer*, aparecen tamén ocorrencias de *pór* (cf. Mariño Paz, 2003, 238-240). Canto a Mesía, é certo que o ALGa o presenta como concello en que se usa *poñer*, pero tamén o é que o veciño Vilasantar, situado ao leste, aparece na mesma fonte como

territorio con variación entre *pór* e *poñer*, con preponderancia da primeira destas dúas variantes entre a xente máis vella.

Souben (ABF1, 103, 179, 467), a P1 do pretérito de indicativo de *saber* que ata en tres ocasións empregou Fandiño n’*A casamenteira*, é unha variante localizada polo ALGa 1 (mapa 348) non só en Mesía, onde concorre coa moito máis infrecuente *soupen*, senón en xeral polo oeste, centro e norte da actual provincia da Coruña. O concello de Compostela, onde segundo a mesma fonte leva a primacía a solución castelanzante *sup-*, está na realidade moi próximo da área coruñesa en que triunfa *soub-*, variante que, consonte Dubert García (1999: 211), non só se usa hoxe en Santiago en alternancia con *soup-* e *sup-*, senón que ademais “debeu de ser a raíz propia do tema de perfecto de *saber*” no seu dialecto.

Vall-, que é o lexema do presente de subxuntivo de *valer* polo que optou o noso autor (*Vállame*, ABF1, 221; *Valla*, ABF1, 323), é tamén hoxe a solución propia de Mesía e a súa contorna, mentres que para Compostela o ALGa 1 (mapa 133) amosa tamén neste caso a variante castelanzante: *valg-*. Ora ben, Dubert García (1999, 190) recolleu usos de *vall-* en boca de galegofalantes de máis de cincuenta anos residentes na comarca de Santiago ao final do século XX.

Neste contexto, só me semella netamente arredada das escollas dialectais anteriormente sinaladas a forma *qués* (ABF1, 120, 173, 294), P2 do presente de indicativo de *querer* que n’*A casamenteira* alterna con *quéres* (ABF1, 222, 378). Na realidade diatópica descrita polo ALGa 1 (mapa 336), a solución reducida *ques* só aparece como propia do extremo occidental coruñés e dalgúns puntos illados espaxados polo noso territorio entre os que non se achán nin Compostela, nin Mesía, nin ningún outro do sueste coruñés. A meu ver, Fandiño optou por unha ou outra variante dependendo das necesidades de cómputo silábico que en cada caso tivese para elaborar versos octosílabos: “¿En eso que *qués* decir?” (120), “¿*Qués* o teu gusto cumprir?” (173), “dime ¿qué *quéres* que faga?” (222), “Que *qués* Técola ben sei” (294), “E tí que *quieres* que faga” (378).

2.2.15. Oír e tragner

Tamén me parecen feis a solucións que a principios do XIX debían de estar vivas nas falas das terras que durante os días da súa vida máis tripou Fandiño as escollas

a prol de *oír* (*oir*, ABF7, 7; *oyeu*, ABF1, 104) e *traguér* (ABF1, 130). O ALGa 1 (mapas 308, 394) sitúa no concello de Mesía tanto *oír* coma *ouvir*, e tanto *traer* coma *tragner*. Para Compostela só presenta *oír* e *traer*, mais convén non esquecer que nos textos composteláns dos principios do século XIX abundan os rexistros de *tragner* (cf. Mariño Paz, 2003, 248-251).

2.2.16. *Adverbios*

Xa vimos anteriormente que Fandiño soubo recoller do galego popular dúas variantes do adverbio de negación *non* que se xeran cando este vai seguido dun clítico complemento directo: *nono*, con realización alveolar da consoante nasal final do adverbio, e *no* ‘non o’. Ao dito máis arriba na epígrafe relativa aos pronomes persoais debemos engadir agora que este adverbio de negación presenta aínda dúas variantes populares máis na obra de Fandiño: unha en posición átona (*n*) e outra en posición tónica (*no*, presumiblemente /nɔ/).

Como apunta Álvarez (1994, 157), en distintas variedades do galego moderno utilízase unha variante *n*’ do adverbio *non* ante formas verbais que empezan por vogal. Dado que na actualidade esta variante semella ter vitalidade no mesmo espazo xeográfico en que se estila o uso de *no* por *non o* (*no vin* por *non o vin*), é probable que exista un vínculo xenético entre ambas as formas. Poida que este *no* ‘non o’, ao ser interpretado e segmentado como a combinación de *n-* (negación) e *-o* (clítico), inspirase a xeración de *n*’ como variante de *non* utilizable ante outras palabras que tamén comezan por vogal. N’*A casamenteira* o emprego das variantes *non* e *n*’ ante forma verbal con vogal en posición inicial está regulada polas necesidades métricas que en cada verso se imponen. Así, fronte a *n’he* (ABF1, 94, 244), *n-he* (ABF1, 329), *n-ha de permitir* (ABF1, 396), *n’hai* (ABF1, 494), *n-hai* (ABF1, 140, 174, 258, 512), *n-habia* (ABF1, 503), *n-entervenin* (ABF1, 472) e *n-inventase* (ABF1, 235), achamos cinco casos en que a escolla de *non* é precisa para conseguir que os versos en que o adverbio de negación se atopa sexan octosilábicos⁴⁴:

⁴⁴ Esta variante rexístrase tamén noutros dous textos: unha cántiga popular (“Asnos d’ir á nosa festa, / anos, non has de faltar”, ABF4, 13-14) e un breve artigo en prosa de autoría imputable en exclusiva a Fandiño (“non estou”, ABF7, 11).

- non hai medo que ela afroxê (ABF1, 129)
- que xâ ves que non he pouco (ABF1, 155)
- Non has de ser mal pensado (ABF1, 324)
- na miña mao non está (ABF1, 419)
- que por teu gusto non era (ABF1, 491)

Canto á variante *no* utilizada en posición tónica e como negación absoluta, cómpre sinalar que semella usarse hoxe por todo o territorio galegofalante (cf. ALGa 2, mapa 305) e que Fandiño a empregou nun verso d'*A casamenteira*: “¿Qués o teu gusto cumprir? / *Nó* eso, n-hai que pensar!” (ABF1, 173-174).

Segundo o ALGa 2 (mapa 337), o adverbio de tempo *decote*, que ademais de n'*A casamenteira* (ABF1, 234) se le en ABF6 (2), úsase por todo o centro e o oeste da actual provincia da Coruña e tamén nalgúns outros puntos do territorio entre os que se atopa, próximo a Mesía, o concello de Sobrado dos Monxes. *Estonces* (ABF7, 11), pola súa parte, é unha variante de *entonces* que Fandiño debía de coñecer tamén polo seu asiduo contacto cos falares composteláns e do extremo sudoriental coruñés, visto que na actualidade se ten rexistrado en Compostela e mais en Curtis (cf. ALGa 2, mapa 340; Dubert García, 1999, 221).

Na breve obra en galego do autor de Albixoi non se usan nunca nin *onde* nin *só*, senón sempre as variantes *donde* (ABF1, 309, 477)⁴⁵ e *solo* (ABF1, 156, 244; ABF2, 38; ABF4, 11; ABF7, 7), coincidentes coas propias do castelán. *Só* unicamente aparece unha vez —e como adxectivo— en todo o corpus explorado para este artigo e, significativamente, faino cristalizado nun cantar popular en que o uso de *solo* desbarataría tanto a rima como a medida do verso:

Meu señor santo Tomé,
tendes dous nomes nun *só*,
sodes castrón polo mé,
é sodes cán polo tó (ABF5).

⁴⁵ Tamén se rexistra *donde* no seguinte contexto: “La nota o juicio del corresponsal de la Miscelanea, es otro desatino que me recuerda el gracioso y sencillo equívoco de un gallego que consultó cierto caso sobre la irritante cláusula de un testamento que malamente le excluía de heredar parte de lo que directamente le tocaba, y diciendole el letrado que la tal cláusula era irrita y nula, contestó el graciosísimo, *con que logo señor, por donde pensa (hablando del testamento) que me desberda, por ali m'erda*” (Heráclito 46, 26.09.1820, p. 367).

A meu ver, é probable que isto queira dicir que por volta de 1810 ou 1820 a variante *solo* (adxectivo ou adverbio) sería empregada decote por moitos galegos nos seus actos de fala diarios, en tanto que *só*, que na lingua escrita medieval tiña *soo* como antecedente de uso habitual (cf. TMILG), debía de constituír xa unha alternativa en retirada que, iso si, permanecería fosilizada en diversas manifestacións da literatura e do saber popular, como adoita suceder nestes casos. Na mesma dirección apunta o feito de que *solo* sexa unha forma sistematicamente utilizada nas fontes escritas de principios do XIX, nas que *donde*, pola súa banda, tamén se rexistra con moita frecuencia, aínda que non sen unha competencia non desdeñable de *onde* (cf. TILG). En todo caso, é obvio que nin Fandiño nin moitos dos escritores coetáneos del se sentiron impelidos a buscarlles nin a *solo* nin a *onde* alternativas libres de toda posible sospeita de castelanismo. O purismo e o diferencialismo aínda eran daquela sentimentos e comportamentos de baixa intensidade e limitada difusión entre os moi reducidos círculos de escritores en lingua galega.

2.2.17 Preposicións

Non amosou o xornalista de Albixoi nin interese nin capacidade para lle atopar unha alternativa á preposición castelanizante *hastra* (ABF1, 68, 91, 103, 153, 469), que domina sen competencia n' *A casamenteira*. *Hasta* (ABF6, 4), pola súa parte, é a variante tamén castelanizante que aparece nunha cántiga recadada por el: “Sempre pensei ben de todos / é decote fun punido, / *ningun pensa que se perde / hasta que se vé perdido*”. (*H*)*astra* e (*h*)*asta* son dúas formas que acadaron un uso xeneralizado nos textos dos inicios do século XIX, polo que se impón concluír que tiñan que ter xa daquela un avanzadísimo nivel de penetración nas distintas variedades do galego oral. Evidentemente, nin o galego medieval nin o portugués foron fontes exploradas nin por Fandiño nin polos outros escritores do seu tempo á procura de recambios autóctonos para tales castelanismos.

Integrada nun dito popular, aparece a construción *ir en + frase nominal* na que a preposición *en* indica o destino do movemento: “*Outra vay na nasa* suelen decir los gallegos en semejantes casos” (*Heráclito* 38, 29.08.1820, p. 300).

Como xa indiquei máis arriba, o emprego das variantes *pra* e *para* na peza dramática de 1812 está en función das necesidades métricas que en cada caso se impuxesen.

2.2.18. Outros trazos morfolóxicos e sintácticos

Para caracterizar debidamente o galego escrito de Antonio Benito Fandiño xulgo tamén conveniente resaltarlle algúns trazos morfolóxicos ou sintácticos máis aos que coído que podemos apoñerlles o cualificativo de conservadores, se por tal entendemos que estamos a falar de variables para as que o noso autor optou polas variantes máis antigas ou tradicionais, en detrimento das máis innovadoras. Obsérvase que estes trazos comparecen sempre nos textos elaborados persoalmente por este autor, aínda que ocasionalmente poidan rexistrarse tamén nalgunha cántiga ou adaxio popular. Mencionarei con toda a concisión os casos que considero máis significativos:

- Interpolación do pronome persoal suxeito *eu* entre un pronome átono en próclise e a forma verbal da que este depende: “Agora deseo saber / en que a *eu* teño ofendido / pra que me quite o marido / e n-outra o faga caer” (ABF1, 444-447). Trátase dun dos tipos de interpolación máis recorrentes en toda a documentación escrita conservada e que mellor se manteñen no moderno galego oral (cf. ALGa 2, mapas 193, 194). Nas fontes dos primeiros anos do século XIX este recurso explotouse con bastante moderación (cf. Mariño Paz, 2003, 142-143).
- Uso de *delor* como substantivo de xénero feminino (“¿ti téis algunha *delor*?”, ABF1, 121), cando na nosa literatura moderna anterior a 1980 *dolor* adoita empregarse con xénero masculino (cf. TILG).
- Tendencia a manter /'ɛ/ ou /'ɔ/ como vogais radicais das P3 do presente de indicativo de verbos da terceira conxugación que as teñen desde antigo: *mente* (ABF7, 15), *séntea* (ABF1, 148), *sobe* (ABF1, 361). Só nunha ocasión emprega unha forma con vogal radical innovadora: *sirve* (ABF1, 334).
- Frecuente aínda que non sistemático uso do futuro de subxuntivo en cláusulas relativas, tanto n’*A casamenteira* coma nun cantar popular reproducido en 1820: “Por min fai o que *quixêres*” (ABF1, 83), “traballe quen *tivér* mans” (ABF1, 119), “Paira as veces que *quixêr*”, (ABF1, 319), “Aló arriba no monte, / habia non sey que santo, / quen lle *rezar* non sey qué, / ganará non sey que tanto” (FPVS, f). En troques, noutras cláusulas de relativo con orientación temporal de non-anterioridade o que Fandiño utilizou foi o presente de subxuntivo: “Orasme, sobr’esto hai, / que a dous parizos que

teña, / non tendes donde vos veña, / cando ela non colla un mal” (ABF1, 307-310); “¿Ai qu’engañadiña estás! / Non te creas de bayuras, / nin de quen *faga* medidas, / que a culpa tívoa o rapaz” (ABF1, 456-459). Ora ben, é obvio que en textos poéticos coma estes a escolla entre o futuro de subxuntivo e outros tempos alternativos que se lle ofrecía ao autor non era libre, senón que estaba condicionada polas necesidades de medida e rima dos seus versos.

- Completa ausencia de usos de perífrases verbais compostas por unha forma do verbo *haber* seguida de participio e con contido semántico estritamente temporal. O galego de Fandiño está libre deste castelanismo que xa circula por distintos textos de principios do século XIX, entre os que sen dúbida salienta pola recorrencia do seu emprego o titulado *Proezas de Galicia* (1810), do coruñés José Fernández Neira (cf. Mariño Paz, 2003, 253-256).
- Omisión da preposición *a* como introdutora de complementos directos desempeñados por frases que teñen como núcleo un nome propio de persoa ou o cuantificador *ninguén*: “Que qués Técola ben sei” (ABF1, 294), “Non quereirei mais ningúen” (ABF1, 518).

Con todo, hai tamén algunhas variables —probablemente menos numerosas ca as anteriores— para as que Fandiño optou pola variante máis innovadora, que é tamén, por outra parte, a que camiña na dirección da converxencia co castelán:

- Uso do infinitivo invariable en contextos sintácticos en que no galego popular pouco interferido polo castelán é frecuente o emprego do infinitivo flexionado: “O *termo* hastra aquí encuberto / foi unha gran picardía”, ABF1, 91-92; “¿E ti que chata lle pós / para *estar* tan descontento?”, ABF1, 166-167; “Pro dime ¿ti en que reparas / para *poñer* tal repuna...”, ABF1, 276-277. Sen dúbida, cómpre apuntar unha vez máis que a escolla entre ambas as opcións nos textos poéticos estaba mediatizada polas esixencias métricas, mais tamén é preciso insistir na idea de que na obra de Fandiño non se rexistra ningunha ocorrencia do infinitivo flexionado.
- Notable frecuencia de uso da variante con preposición *a* da perífrase verbal *ir (a) + infinitivo*, pois das dez ocorrencias rexistradas en ABF1 cinco levan a preposición e outras cinco non. Os datos dispoñibles non permiten concluír

que o uso da preposición *a* estea vinculado con ningún contido semántico⁴⁶ na obra deste autor. Con probable significado temporal de posterioridade hai tres casos con *a* e catro sen preposición: “¿por qué non te *vas choér?*” (ABF1, 117), “A nora que *vas a traguér, /* ademais do que ela ten, */* fai de conta que tamen */* o curato *vas comer*” (ABF1, 130-133), “Eu *vou a fuxír* da aldea” (ABF1, 224), “Con Técola *vou facer /* un casamento cagado” (ABF1, 354-355), “xá para as galas che deron, */* e *vainas mercar* Xân Prego” (ABF1, 384-385), “Ti *vas a ser* un cornudo, */* que o crego he un fino putón” (ABF1, 398-399). Significado aspectual de fase inminente podería ter nos dous seguintes rexistros, un con preposición e outro sen ela: “Sin rapi-ô demo eu saber */* cousa algunha, o vello onte */* díxôme â noite “desponte, */* que *vou a darche* mullér” (ABF1, 62-65), “Se non me falas, aquí */* mesmamente *vou morrér*” (ABF1, 191-192).

2.2.19. *Castelanismos lexicais substitutivos e léxico tradicional*

Do meu punto de vista, non é a de Fandiño unha obra que destaque particularmente pola súa abundancia de castelanismos lexicais substitutivos, como tampouco, nin moito menos, pola posta en acción de mecanismos defensivos de orientación diferencialista que tanto éxito habían de acadar en épocas máis tardías do moderno proceso de recuperación do uso escrito do noso idioma. Polo contrario, observo nela, con excepcións ás que máis adiante me referirei, un considerable grao de enxebreza léxica, e mesmo nalgúns casos a selección de unidades que a dialectoloxía actual amosa como usadas nas comarcas de Compostela e do sueste coruñés, tales como *choér* (ABF1, 117) ou *parizo* ‘parto’

⁴⁶ Sobre os valores semánticos desta perífrase cf. Álvarez / Xove (2002, 356-357, 364, 370-371). Creo que a construción *ir a + infinitivo* non é perífrástica nos seguintes dous casos: 1) “Nunca paróu con seu pai / hastra que a *foi a pedir*” (ABF1, 468-469; é dicir, ‘ata que camiñou ata a súa casa para pedir a súa man’); 2) “O casamento do torto */* morrerei antes que o queira, */* pois *vaya a casamenteira / a comer* o pan e porco” (ABF1, 506-509). No caso de “Teu pai está por medrar; */* a tí pouco che debin, */* cando sin decirmo a min */ te foches a concertar*” (ABF1, 87-90) cabe pensar que *foches* expresa unha idea de movemento e que a construción, por tanto, tampouco non é perífrástica, mais paréceme que non se pode desbotar por completo a posibilidade de interpretar *te foches a concertar* como unha perífrase aspectual de colocación demarcativa. Sobre o uso, non infrecuente, da variante con *a* desta construción verbal no galego escrito do século XIX cf. Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005, 517-519).

(ABF1, 308), que segundo García (1985, s.v.) aínda se utilizaban hai uns vinte e cinco anos por estas terras: *choer* en Feás, Melide e Sobrado; *paricio* en Curtis, Compostela e Sobrado; e *parizo* en Sobrado. *Tema* (ABF1, 111) e *moiño* (ABF1, 360) son, pola súa parte, variantes fonéticas de *teima* e *muiño* que tamén son hoxe características das bisbarras que máis frecuentou Fandiño: en efecto, *tema* documentouse hai uns anos en Feás, Curtis, Compostela e Melide, ao paso que *moiño* se recadou en Compostela e nalgúns outros lugares (cf. García, 1985, s.v.). *Iñorar* (ABF1, 299), pola súa parte, é variante patrimonial de *ignorar* que o glosario de García (1985, s.v.) localiza en Sobrado dos Monxes, moi preto de Mesía. Vinculacións menos estritas ou menos evidentes cos escenarios básicos da traxectoria vital de Fandiño semellan ter outras palabras léxicas patrimoniais como *bandallo* (ABF1, 49), *galloufeiro* (ABF1, 71), *lambaceiro* (ABF1, 72), *toleirón* (ABF1, 142), *esgazar* (ABF1, 184), *louco* (ABF1, 185), *orasme* (ABF1, 307), *tempero* (ABF1, 341), *ledo* (ABF1, 373), etc., ou interxeccións como *oite* (ABF1, 246) e *do demo* (ABF7, 12). Ao meu modo de ver, todo isto quere dicir que o noso escritor era unha persoa familiarizada cos recursos léxicos do galego popular da súa comarca e do seu tempo e que o seu trato vital e intelectual co castelán non foi quen de agostar a frescura coa que debía de utilizar acotío o idioma propio de Galicia.

O campo semántico da relixión constitúe, como xa é sobexamente coñecido, un dos máis antiga e intensamente castelanizados na historia da lingua galega. Na obra de Fandiño non faltan, desde logo, evidencias disto. *Dios* (ABF1, 81, 102, 149...; ABF2, 22; ABF4, 12) non coñece a competencia da forma histórica galega nin nos textos da propia man do escritor nin nas cántigas e adaxios, como tampouco *campana(s)* (ABF1, 154; ABF7, 7) nin *Cabildo* (ABF7, 8), ao paso que *demonio(s)* (ABF1, 108, 233; ABF2, 10), que chega a empregarse intencionadamente con evidente valor expresivo⁴⁷, comparte espazo con *demo(s)*, que é a solución máis frecuente (ABF1, 40, 62, 162, 204, 323, 326; ABF2, 10, 41; ABF3, 14; FPVS e). Pola contra, non se usa nunca *milagro*, senón só *milagre* (ABF1, 158, 431), unha forma que verdadeiramente ofreceu unha tenaz resistencia ao castelanismo na nosa literatura moderna (cf. TILG).

⁴⁷ Repárese en como nestes versos se usa precedido do artigo castelán: “Imposible que *el demonio*, / que decote he mal agoiro, / n-inventase este casoiro, / mal chamado matrimonio” (ABF1, 233-236).

Así mesmo, é digna de mención a tríade de castelanismos lexicais cos que se designan figuras profesionais vencelladas ao mundo da oficialidade: *xúeces* (ABF2, 13), *escribanos* (ABF2, 13) e *guardias* (ABF3, 14).

A brevidade e a non desdeñable enxebreza da obra en galego de Fandiño non permite facer unha recolleita de castelanismos léxicos que sexa tan abondosa que permita facer outros agrupamentos semánticos nítidos e ben nutridos. Só direi, por tanto, que entre tales castelanismos se atopan voces que designan partes do corpo (*paletilla*, ABF1, 201), días da semana (*xúeves*, ABF1, 386), doenzas (*tabardillo*, ABF2, 15), enfeites máis ou menos novidosos introducidos polos grupos sociais acomodados (*peluca*, ABF2, 28), insultos (*perrazo*, ABF1, 110; *majadera*, ABF1, 492; *bribon* e *birbon*, ABF1, 394 e 486; *farolón* ‘fachendoso’, ABF2, 31) e outras realidades máis dificilmente agrupables: *zalameira* (ABF1, 51), *afroxê* (ABF1, 129), *golosos* (ABF1, 159), *fregado* ‘argallada’ (ABF1, 323), *caballero* (ABF1, 344), *oler* ‘sospeitar’ (ABF1, 493), *empreada* (ABF2, 68), *moelles* (ABF7, 4), *voluntade* (ABF7, 15)... Tampouco debemos ignorar palabras gramaticais como *sin* (ABF1, 62, 75, 89, 140), *misimos* (ABF1, 40) e *misma* (ABF1, 351), *aunque* (ABF3, 14), *mentras* (ABF1, 186), *si* condicional (ABF2, 40), *hastra* (ABF1, 68, 91, 103, 153, 469) e, nunha cántiga popular, *hasta* (ABF6, 4).

Fronte a todo isto, non observo no galego escrito de Fandiño mostras dunha preocupación por exercer unha vixilancia fronte ao castelanismo que caese no exceso diferencialista. A este respecto, a súa conduta como escritor na nosa lingua é perfectamente parangonable coa da gran maioría dos autores do seu tempo.

2.3. Conclusións

Finalizada a análise lingüística dos fenómenos que me pareceron máis pertinentes, debo expresar agora con toda a clareza e brevidade posibles a miña opinión respecto das cuestións que deixei formuladas ao final da epígrafe 2.1.

A lingua popular da súa comarca e do seu tempo é, con certeza, a compoñente fundamental do galego escrito por Antonio Benito Fandiño entre 1812 e 1820. Trátase, a meu parecer, dunha lingua que mantén un alto grao de enxebreza en todos os niveis da súa estrutura e que, contemplada na dimensión diacrónica en que debe inserirse, se revela como conservadora en non poucos trazos: fenóme-

nos fonéticos de alteración, adición e subtracción de antiquísimas raíces na fala popular; tratamento cortés por *el / ela*; interpolación do pronome persoal *eu*; uso de *delor* como substantivo de xénero feminino; uso do futuro de subxuntivo en cláusulas de relativo; construción de complementos directos sen preposición *a* cando son desempeñados por frases que levan como núcleo un nome propio ou o identificador *ninguén*; etc. Así mesmo, a análise precedente revelou a existencia dun nutrido monllo de variables lingüísticas para as cales Fandiño se ativo ás variantes que no seu tempo serían propias de Compostela, de Mesía ou, en xeral, de todo o sueste da actual provincia da Coruña: ditongo /oi/ como resultado dos grupos latinos -ŎCT-, -ŬLT-, -ŎRĪU- e -ŬRĪU- e na forma verbal *fôi*; seseo prenuclear e posnuclear; pronomes suxeito *ti* e *el*; demostrativos *este/esta/esto*; solucións diversas (con contadas excepcións motivadas por necesidades de medida e rima na elaboración dos versos) nos ámbitos da morfoloxía nominal e da morfoloxía verbal regular e irregular; adverbios de tempo *decote* e *estonces*; determinadas unidades léxicas; etc. Falando en termos moi coñecidos no conxunto dos estudos sobre o cultivo escrito do idioma galego na época moderna, podemos dicir con toda a razón que Antonio Benito Fandiño se comportou como un escritor dialectalista⁴⁸.

O impacto do castelán é ben perceptible en bastantes dos usos gráficos analizados, mais neste terreo houbo tamén espazo para a autonomía ou a experimentación cando cumpría dar resposta a necesidades específicas da lingua galega: tiles diacríticos, representación da consoante nasal velar... Polo contrario, creo que non se advirte unha influencia particularmente pesada do idioma teito noutros niveis da análise lingüística, por máis que a el deban imputarse trazos como o mantemento dos grupos consonánticos heterosilábicos en ABF2 e ABF7, o uso do pronome *eu* como segundo termo dunha comparación (*mais probe que eu*), o

⁴⁸ Hai xa uns anos Carballo Calero (1975, 60) afirmou que “[nas primeiras décadas do século XIX] a prosa galega ensáase, paralelamente ao verso, en panfletos ou comentarios de actualidade que teñen un grande valor pra o coñecimento da historia do noso idioma, que é neles o realmente falado na correspondente comarca. Se Fernández Neira pretende empregar un galego *koimé*, Pardo de Andrade usa o da Cruña, Boado Sánchez o de Ourense, Fandiño o de Santiago”. Coido que esta afirmación debería matizarse en dous aspectos, pois habería que lle engadir algunha observación sobre os préstamos dialectais detectables nas obras de Pardo de Andrade e de Boado Sánchez (cf. Mariño Paz, 2003) e, alén disto, cumpriría precisar que a maior parte das variantes seleccionadas por Fandiño para a súa obra en galego poden ser consideradas como propias non só de Santiago, senón tamén, máis amplamente, do corredor meridional que une o concello de Santiago, onde el naceu, co concello de Mesía, onde estaba a súa casa familiar e onde viviu durante varias tempadas.

emprego de certas unidades léxicas dos campos semánticos da relixión e do mundo oficial ou a utilización de certas palabras gramaticais. Non detectei, fronte a este moderado nivel de castelanización, ningún síntoma inequívoco da posta en práctica dunha acción depuradora que buscase inspiración no galego medieval, no portugués ou na creación diferencialista.

Finalmente, non detectei diferenzas dignas de mención entre a lingua dos textos producidos polo propio Fandiño e a lingua das cántigas e adaxios que transcribiu, salvo quizais a selección de *solo* nos primeiros cando nunha das cántigas reproducidas se usa *só*. Trátase, sen dúbida, de pezas da literatura de transmisión oral que o noso escritor oíría arreo nas comarcas de Compostela e do sueste coruñés, polas que paseou a súa desacougada e mordaz rebeldía entre o final do século XVIII e as primeiras décadas do XIX.

3. UN REVELADOR INDICIO LINGÜÍSTICO SOBRE A IDENTIDADE DO AUTOR DOS *DIÁLOGOS DE LOS ESTERCOLEROS* (1807)

Datan dos meses de febreiro e marzo de 1807 dous *Diálogos de los estercoleros* en que dous personaxes populares, Diego de Carbia e Pedro Abelleira, conversan criticamente sobre as oposicións a doutoral que daquela se celebraron en Santiago nun ambiente de duro enfrontamento entre os dous bandos en que por aquel tempo estaba fracturado o cabido. Mentres que o arcebispo Rafael de Múzquiz, albo de contundentes acusacións de nepotismo, apoiaba naquela tesitura a Andrés Gil Villaverde, a outra facción capitular sostiña a candidatura de Manuel Ros de Medrano, que foi finalmente o seleccionado malia a oposición de Múzquiz. Nunha recente publicación Xosé Ramón Barreiro Fernández baralla a posibilidade de que os dous diálogos mencionados fosen elaborados por Fandiño, mais tacitamente semella considerar máis plausible que o seu autor fose Manuel Freire Castrillón. Segundo Barreiro,

Esta composición anónima, o mesmo que a seguinte, podería ser de Antonio Benito Fandiño xa que o exemplar que manexamos é da letra deste autor. Pero moi ben podería ser unha copia realizada por Fandiño dunha obra de Freire Castrillón, que era un experto nos temas curiais e do Cabido compostelán. Na súa desmesura parécese moito a outra composición anónima, en castelán, titulada *Cabalgada*, que se conserva inédita e que Murguía non dubida en atribuírlle a Freire (en Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz, 2008, 27).

Dado que este meu traballo ten xa nesta altura unha extensión máis que considerable, debo renunciar a facer nas páxinas que seguen unha análise contrastiva entre a lingua destes dous diálogos dos esterqueiros e a dos textos atribuídos con toda a certeza a Antonio Benito Fandiño. Só direi, con obrigado laconismo, que do punto de vista lingüístico non acho argumentos que permitan soste con fundamento que o escritor de Albixoi fose o autor dos diálogos dos esterqueiros de 1807, aínda que tamén teño a sensación de que tampouco resultarían concluíntes as diverxencias de diverso tipo que se poderían sinalar entre a lingua destas pezas e a das obras de Fandiño que ata aquí analicei. Por outra parte, é obvio que a autorizada opinión de Barreiro anteriormente reproducida invita máis a volver os ollos cara á figura de Manuel Freire Castrillón que a considerar devagar a posibilidade de que Fandiño fose algo máis que un ocasional copista dos *Diálogos de los estercoleros*.

Nunha recente contribución Rosario Álvarez (2008), tras pasar revista contrastiva a dez trazos gráficos e morfolóxicos, conclúe que “a análise lingüística canxa mal coa posible atribución [dos diálogos dos esterqueiros] a Freire Castrillón, sempre no suposto de que sexa el o autor do “Artigo comunicado” de 23 de xuño de 1813” (p. 969), que é o que se postula na edición de Mariño Paz, Barreiro Fernández e Aneiros Díaz (2008, 153). Segundo a profesora da Universidade de Santiago, o galego deste artigo de 1813 diverxe do dos *Diálogos de los estercoleros* na súa renuncia a marcar explícitamente o seseo e mais a gheada, na súa maneira de representar a consoante nasal velar e nalgunhas das solucións adoptadas no eido da morfoloxía nominal, ao paso que só coincide con el no grafema seleccionado para dar conta da consoante /ʃ/ (que é <x>) e na preferencia por *facés* e *facé* sobre *facedes* e *facede*. Así e todo, Rosario Álvarez amósase prudente e, con toda a razón, chama a profundar na obra completa de Freire para dese xeito resolver “con mellor criterio” o enigma da autoría destas obras.

Pois ben, en *El nuevo cosáreo de las candelas. La Piligrina* (1787), unha das pezas atribuídas con xeral consenso a este autor, lese unha locución adverbial de significado aínda ignoto para min que, consonte o TILG, non aparece na obra de ningún outro escritor galego moderno e, segundo o *Diccionario de diccionarios* (Santamarina, 2003), tampouco foi recollida en ningunha fonte lexicográfica galega dos séculos XVIII, XIX e XX. Refírome a *enconcerna*:

¿Sé que quírian que foese
toda la gente asi séria,
que se posiese a llorar
como allá por la Coresma?

Vaya que *enconcerna* agora
los de Madril no nos degan
perro tras pagero, i tiran
todas las cosas, que alegran.
([Freire Castrillón], 1787, 8)

Esta mesma locución adverbial aparece ata en dúas ocasións no segundo diálogo dos esterqueiros de 1807:

E eu si fora Dian
nin ainda asi lla daba:
¿quen lle manda non faser
a funsion na sua Ygrexe?
¿que dirà o santo Apostolo?
voto os cravos do carro,

que *enconserna*⁴⁹ fai temor
o que lle teña senrreira
hastra o mesmo seu Patron
(DE2, 162-170).

⁴⁹ Ao non conseguir descifrar con toda a certeza o significado de *enconserna*, na edición deste texto que integrei en Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz (2008, 40), decidín corrixir para *encons[ensi]a* poñendo a seguinte nota de rodapé: “Ms. *enconserna*, case coma na liña 556, onde se escribiu *concerna* ‘concencia’. Este feito parece aboar a hipótese de que este manuscrito, aínda que producido pola man de Fandiño, non contén unha obra súa, senón unha copia dun diálogo probablemente composto por Freire Castrillón: é probable que Fandiño malinterpretase a voz *consensia* ou *concencia* no orixinal que trasladou”. Loxicamente, hoxe manteño a afirmación de que Fandiño foi só o copista deste diálogo pero xa non creo que se trabucase na lectura de *conserna* ou *concerna*, que tiña que ser a forma que estaba no manuscrito que el manexou. Por outra parte, na devandita edición *enconserna* e *En concerna* deberían ser desprazados desde a sección de notas ata a do texto principal, que é con certeza a que lles corresponde.

Carbia

Non sei se chegarà logo
o Dotoral pra ir o coro
e amañar estas cousas.

Avelleira

En concerna xa podía,
porque vos anda bremando
o Señor D[*o*]n Xoan Oliva
que està facendo as suas veces (DE2, 551-559).

Do meu punto de vista, resulta moi significativo que, no conxunto das fontes escritas coñecidas do galego moderno, esta locución só pareza rexistrarse nos dous diálogos de 1807 e nunha obra vinte anos máis antiga da que sabemos que foi composta por Manuel Freire Castrillón. Na miña opinión, este indicio lingüístico apunta na mesma dirección en que o fan os argumentos de contido e de estilo aducidos por Barreiro Fernández. Paréceme moi probable, por tanto, que fose Freire o autor dos dous *Diálogos de los estercoleros*.

APÉNDICE I. CÁNTIGAS E ADAXIOS GALEGOS INCRUSTADOS NA OBRA EN CASTELÁN DE ANTONIO BENITO FANDIÑO

- Me supones reo de lesa Nacion, según pude oler por la indagatoria que me tomó el Señor marques, que como no me duelen prendas *non che me tallei* (Fandiño 1812a: IV-V).
- Arriba meu pao das tundas,
Abaixo meu pao tundeiro,
Quen te me dera quebrado
No lombo do moíñeiro.
Contra principia negantes, fustibus est arguendum.
Si señor, si, que *interrogatio et responsio eodem casu gaudent.*
Ay eso miña vida.

[...] Señor editor: Dios me dé paciencia, que bien la necesito, y á V. salud y vida para ser mi paño de lágrimas (*Diario Cívico-Patriótico*, núm. 106, Santiago de Compostela, 15/02/1813, p. 421.)

- Traje á coladilla estos dos casos, porque á la verdad me ocurrieron el mismo día que el Sr. Alcalde 1º constitucional de esta ciudad, por su bondad, por equivoco del arte, el si van mal dadas, ó acaso acaso el caconismo gallego *home que estades nese sacón, tendeme conta desta razon*, se sirvió pasarme egemplar del edicto de la Junta de Censura (*Heráclito* 3, 28.04.1820, p. 18).
- *Satisfaccion al anónimo de la Coruña, recibido en el correo de viernes.*

Meu señor santo Tomé,
tendes dous nomes nun só,
sodes castrón polo mé,
é sodes cán polo tó.

Mi querido: si V. es godallo de los que ladran en el areopago, no doy un cuarto por su lógica, que es bien pedrés é inconsecuente.

(*Heráclito* 8, 16.05.1820, p. 61)

- **MOITO CHE QUERO CARA DE DEMO.** Con este bestial language, se cuenta que un campesino gallego requebraba á su querida, y aunque locucion barbara; á muchas cosas viene de molde, pues por lo menos á mi, no son pocas las en que se me ocurre. Entre ellas, (con harto dolor lo digo) es la constitucion politica la desgraciada ninfa requerida de muy picaros galanes (*Heráclito* 12, 30.05.1820, p. 91).
- Aló arriba no monte,
habia non sey que santo,
quen lle rezar non sey qué,
ganará non sey que tanto.

En los días 25, 26, y 27 del pasado hubo sesion, en que apenas se trató cosa digna de la consideracion pública.

(*Heráclito* 13, 02.06.1820, p. 101)

- Y mediante ya no puedo ser util á la sociedad por el espíritu de partido con que se obstina en oponerse á cuanto diga, y en que sin querer me honra pues denota la emulacion; por el tenor de la presente me separo y aparto de ella, y suplico se sirva borrarame de la lista de individuos, respecto trato vivir en paz, y en lo político padezco de agorero, y no sé que aviento.

A tua porta meniña
rompin as miñas polainas,
agora teño outras nobas,
non quero chearandainas

(*Heráclito* 13, 02.06.1820, p. 102)

- No es solo Valladolid en las incomodidades, que en todas partes, sabe Dios lo que pasa, y los políticos tambien, y todo el que no sea ciego lo mismo. El que lea con reflexion los numeros de este periodico, puede que prorrumpe en el gracioso proverbio gallego: *atinou que dixo morcilla, si dixera morcillón, ou atinaría ou non* (*Heráclito* 26, 18.07.1820, p. 209).
- EN CONSERVARSE, ESTÁ EL TINO: PASO QUE DURE... *Y CORDA Ó LEME CHEPIÑO* (*Heráclito* 27, 21.07.1820, p. 211).
- Soy muy amante de lo justo: me precio del mas sumiso subdito de S.M., pero estoy muy escamado de los hombres, y en caso de trabacuenta, como el reyno lo ve todo; la intriga y la barbarie darian conmigo al través, con que ¿que mayor gracia que haber evitado mi ruina? Es ciertamente sabio el refrán gallego, *ó que non me fay mal, fayme moyto ben* (*Heráclito* 30, 01.08.1820, p. 234).
- Valganos Dios, que nunca escarmentamos, á pesar de los sufridos porrazos... y para colmo en el número 148 pegan con los mayorazgos á raja tabla y nada menos que mandando, que ciertamente viene de molde lo que los gallegos suelen decir en caída sobre tropiezo á saber, *sobre mel filloas* (*Heráclito* 31, 04.08.1820, p. 245).

- De Napoles ya os digo lo que hay, y á que podeis añadir que según dice el número 171 de la miscelanea, los ministros y personajes de que hoy consta aquel gobierno, son sabios porque... (aun no es tiempo...) no se valia de tontos. *Outra vay na nasa* suelen decir los gallegos en semejantes casos (*Heráclito* 38, 29.08.1820, p. 300).
- A mi, me parece esto: otros discurriran mejor, pero mucho temo que à no remediarse el mal en su origen; se verifique el proloquio gallego: *ladran os cas, eu estoume na cama; traza lle vecho d' andar com' andaba* (*Heráclito* 39, 01.09.1820, p. 308).
- Hasta en la adversidad es chiripéro, como que en mi concepto aun libra de la capadúra, mas que todos los liberales se desgañiten, pues el tiempo todo lo cura, y este segun doctrina del Sr. fiscal de los asesinos de Cadiz, es sagrado tributo á la justicia. *Eche verdá mentireyro*, suelen decir los gallegos en tales casos (*Heráclito* 43, 15.09.1820, p. 340).
- La nota o juicio del corresponsal de la Miscelanea, es otro desatino que me recuerda el gracioso y sencillo equivoco de un gallego que consultó cierto caso sobre la irritante cláusula de un testamento que malamente le excluía de heredar parte de lo que directamente le tocaba, y diciendole el letrado que la tal clausula era irrita y nula, contestó el graciosisimamente, *con que logo señor, por donde pensa (hablando del testamento) que me desherda, por ali m'erda* (*Heráclito* 46, 26.09.1820, p. 367).
- Entre los abogados que en la Coruña se escusaron de defenderme á pretesto de haberlos consultado Sucado, que es lo mismo que haverle dado la razon, està la firma del Dr. Licenciado D. Manuel Sanches Nuñez, certificando le consultó el Licenciado Camino sobre injurias del Heráclito. *Tal hé ó carro, tales fungueyros leva*, suelen decir los Gallegos en iguales casos (*Heráclito* 53, 20.10.1820, p. 421).

APÉNDICE II. MOSTRA DE GALEGUISMOS LÉXICOS OU MORFOLÓXICOS INCRUSTADOS NA OBRA EN CASTELÁN DE ANTONIO BENITO FANDIÑO

Godallo e a súa familia léxica

- *Godallo* y preso en la Coruña [A. B. Fandiño] (Fandiño 1812b: 1).

- Lo que nadie hizo en Galicia / creo vá él á intentarlo, / por ver como se sacude / tanto divino godallo ([Fandiño] 1813b: 3).
- Libertad... de todos apetecida, pero sea en términos razonables, ó por explicarme según rutina de los *godallos*, con arreglo á derecho y que este no sea pragmático ni escribanesco (*Heráclito* 1, 21.04.1820, p. 4).
- Que muy chambón ha de ser, si de prosa de *godallo*, no saca una docena de sentidos (*Heráclito* 4, 02.06.1820, p. 28).
- Si es V. godallo de los que ladran en el areopago (*Heráclito* 8, 16.06.1820, p. 60).
- Esto exige prontísima providencia, y para la averiguacion del caso no sirven godallos escuetos por mucho que sepan, sino ojos políticos con la suficiente instrucción legal (*Heráclito* 15, 09.06.1820, p. 122).
- A pesar de esto, es necesario confesar que el foro en España, necesita una grandísima reforma y aun ahorcar mucha chusma de él, residenciándolo lince y no escuetos godallos que no obrando de mala fé, cualquier razon los satisface (*Heráclito* 23, 07.07.1820, p. 180).
- Sirvase preguntarle; á ese hombre de bien que es de la causa sobre extraccion de una matriz del protocolo de un escribano en que el hizo de parte, Limeses godallo á contento, Silva Cedron se porto como un hombre, y todos ellos creyeron dar golpe (*Heráclito* 36, 22.08.1820, p. 288).
- El escueto *godallo* (Fandiño 1820: 2).
- *Godallería*. 1) Co sentido de ‘acción propia dun godallo’: “en la dichosa cuestion no han de valer chapucerias, mal entendidos textos, ni enbrolladas fórmulas, porque articulo *godallería* puedo escotar con los mas pintados, y trato deslindar esto para que se vea, y todos tomen exemplo (*Heráclito* 29, 28.07.1820, p. 226); “GODALLERÍA EN SU PUNTO, Y CONSTITUCION Á LA cola, ó notorio abuso del licenciado D. Jose Camino, alcalde 2.º Constitucional y substituto del Sr. Juez de primera instancia de la ciudad de Santiago” (*Heráclito* 41, 08.09.1820, p. 321); “JURISPRUDENCIA Y NO GODALLERÍA, CLAMAN TODos derechos, y exigen la razon y la justicia, contra pragmaticos y rutinéros” (*Heráclito* 44, 19.09.1820, p. 345); “sacaban testimonios y certificados de que se les forzaba, por lo que pudiese importar y como si a haber un reves les sufragasen semejantes godallerías” (Fandiño 1821: 7). 2) Co probable sentido de ‘lugar en que viven ou actúan os godallos’: “Fuerte despotismo en la Godalleria 23 de febrero de 1814”

(Fandiño 1814a: s.p.). 3) Co sentido de ‘conxunto de godallos’: “hace dos años que refrescando antiguas especies, hago estudio muy diverso los ratos que me deja libre la *godallería*” (Fandiño 1823: 1-2).

- *Godallada* ‘acción propia dun godallo’ “En el número 195 del expresado periódico, hacen sus sabios redactores una elegante, critica, y juiciosa relacion del proceso de la Reyna de Inglaterra, en que claramente prueban que la cosa es una escandalosa *godallada* indigna de un alcalde de monterilla, cuanto mas un ministerio como el de la gran Bretaña” (*Heráclito* 45, 22.09.1820, p. 357); “allí disfrutaré yo y presenciara el público tu godallada que pregonarás por tí mismo” (Fandiño 1812a: III). “el señor alcalde no habia de ser el último juez de esta godallada” (Fandiño 1812b: 5). “quanto se imprima de la godallada ésta” (Fandiño 1812b: 7-8).
- *Godallar* ‘realizar accións propias dun godallo’⁵⁰: “los infatuados de precarios principios, pretenden à fuerza de aforismos embocar sagrado lo que es sacrilego, y si se hiciesen cargo de la preferencia primordial, á quanto *godallaron* hombres; sacarian por su misma gerga que el petrucio Adàn murio ab intestato, y por consiguiente su pingüe herencia recayó por iguales partes en todos sus hijos” (*Heráclito* 39, 01.09.1820, p. 308); “ambos cambiamos los frenos, porque el, como letrado deviera ostentarse abstracto jurisconsulto y no practico y rutinero escribano: é yo como lego devia *godallar* rapsodicos pedimentos en un castellano bascongado y que hablando mucho digesen nada” [...]; “al momento *godallé* un escrito exiviendo con el, documento auténtico que hace ver la verdad del referido artículo y las estafas de Sucado” (*Heráclito* 41, 08.09.1820, p. 322).

*Ornear*⁵¹

- En el correo de viernes y con sello del de Vigo, recibí un anónimo en pretendido idioma portugues, que es tan gallego como las vacas. De clerigo ó frayle no escapa su autor, y es idiota en su ministerio, atento sin señalarme motivo,

⁵⁰ *Godallar* aparece nos dicionarios de Eladio Rodríguez (1958-1961) e Franco Grande (1972, 2ª) e tamén no *Frampas III* de Elixio Rivas (1978-2001) (cf. Santamarina, 2003). Das acepcións que estas obras propoñen, a que máis lles convén aos usos rexistrados na obra de Fandiño é a de ‘embarullar, enredar unha cousa’.

⁵¹ O DRAE recolle esta voz como propia de Galicia e León desde a súa edición de 1925. Só a define a partir da de 1970, pois nas anteriores remite desde ela para *rebuznar*.

se atreve á echar el fallo de que por lo que leyó de mi Heráclito, saca que tengo *tanta religion como ó seu cabálo*, y es mucho hablar éste, y el bueno del hombre, falta en lo mismo que reprende. ¡Valgame Dios padre *ornéa*, ó señor Cura rebuzno, y que de cosas hay en el mundo! (*Heráclito* 10, 23.05.1820, p. 73).

- Vergonzante doctor, y licenciado Ornéa ¿quieres mas? (*Heráclito* 36, 22.08.1820, p. 287).

Cara lavada

- El M. I. ayuntamiento parece que dio un almuerzo, ambigú, desayuno, ó aparador, que con todos estos nombres le oí mentar, bastante bueno, según he oído, pero como no lo he visto no puedo dar razon. Yo nada se, pues dejé de asistir por la circunstancia del pleito, y que no se me dijese que era un cara lavada (*Heráclito* 26, 18.07.1820, p. 207).
- Los legistas y canonistas, aunque estan en el mismo caso, no se les sigue mas que el descredito, pero este luego lo restauran à lo cara labada, pues los primeros en clasificando las dignidades romanas antes de Julio César y los comicios; sacan lo que han menester para evitar su infamia (*Heráclito* 39, 01.09.1820, p. 315).

*Remorso*⁵²

- Ciscar y Agar seguros, de su conciencia aun en la misma persecucion estaban tranquilos: y los infames protéos que variando colores, tomaron el que les convino ¿que de remorsos no tendran ahora (*Heráclito* 29, 28.07.1820, pp. 231-232).
- De este principio nace el decantado equilibrio, que nada mas es que un manifiesto remorso y astuta cautela de precaver el golpe (*Heráclito* 38, 29.08.1820, p. 301).

Outros casos

- El bueno del tal poder / está mal acostumbrado, / á que le toquen la gaita, / *crariño*, clarito, claro ([Fandiño] 1813b: 2).

⁵² Para o castelán, o CORDE só ofrece dous testemuños desta voz, os dous dunha obra de data tan recuada coma 1437. Pola súa parte, o TILG amosa un uso frecuente da voz en obras galegas de entre 1845 e 2002.

- También entrará en la danza / el galopin del letrado, / que unos le llaman das pallas, / y otros el vergantiño ([Fandiño] 1813b: 4).
- ¡Valgame Dios Gil Blas, y que tu necedad llegue a tanto que aun cuando fuese cierto cuanto dices; no te hagas cargo de que poco ó nada es necesario para convencerte de *lambaróte* y borrico! (*Heráclito* 21, 30.06.1820, p. 164)⁵³.

⁵³ Non aparece *lambarote* nin en Santamarina (2003) nin no TILG, mais é obvio que se trata dun adxectivo galego derivado de *lamber* ou de *lambar*. *Lambar* si está en Santamarina (2003), que o sinala nos dicionarios de Eladio Rodríguez (1958-1961), Franco Grande (2º ed., 1972) e Carré Alvarellos (1972).

OBRAS EN CASTELÁN DE ANTONIO BENITO FANDIÑO CITADAS NO ARTIGO

- FANDIÑO, A. B. (1812a): *Prospecto, preliminar... del manifiesto que Don Antonio Benito Fandiño... dará al público contra... Manuel Acuña y Malvar*, A Coruña, Oficina de Antonio Rodríguez.
- FANDIÑO, A. B. (1812b): *Constitución violada y leyes escarnecidas*, A Coruña, En la Oficina del Exacto Correo.
- FANDIÑO, A. B. (1812c): *Ojo de Dios que todo lo ve: indirectas del P. Cobos ó más bien verdades del barquero, que en obsequio de la justicia constitución de Estado... y cuanto se quiera, escribió D. Antonio Benito Fandiño*, Santiago de Compostela, Oficina de Juan María de Pazos.
- FANDIÑO, A. B. (1813a): *Inaudita aventura y descomunal campaña de D. Antonio Benito Fandiño... sobre el inicio y amañado fallo de destinarle a las armas por la causa que hace tres años le forjo la justicia de Mesia*, Santiago de Compostela, Oficina de Juan María de Pazos.
- [FANDIÑO, A. B.] (1813b): *Nueva relacion y curioso romance, en que se refiere, trata y apunta lo que verá el curioso Lector. Compuesto por el Poeta de ciegos Juan Perico Cantaclaro*, Santiago, En la Oficina de D. Juan María Pazos.
- FANDIÑO, A. B. (1813c): *Efectos de ociosidad y correo de la cárcel: ó sean cartas críticas que escribió preso en ella Don Antonio Benito Fandiño*, Santiago de Compostela, Oficina de Juan María de Pazos.
- FANDIÑO, A. B. (1814a): *Gaceta extraordinaria, y Suplemento á todos los papeles públicos de España*, Santiago, Oficina de D. Juan María de Pazos.
- FANDIÑO, A. B. (1814b): *A Dios rogando, y con el mazo dando: vuelta muger que baylamos, dale Juana al banastillo, y otra te pego Matías: O traylo, traylo, verás como baylo*, Santiago, Oficina de D. Juan María de Pazos.
- FANDIÑO, A. B. (1820): *Cartel, aviso, pregón, novedad y noticia al público nuestro señor*, Santiago de Compostela, Imprenta de José Fermín Campaña y Aguayo.
- FANDIÑO, A. B. (1821): *Empeleología ó daca la capa por que fuíste al Papa*. Santiago de Compostela: Imprenta de Campaña.
- FANDIÑO, A. B. (1823): *Burra de Balaam, y profecía de Bandarra*, Santiago de Compostela, Oficina de José Fermín Campaña y Aguayo.
- HERÁCLITO: *El Heráclito español y Demócrito gallego*, Santiago de Compostela, Imprenta de D. José Fermín Campaña y Aguayo / Imprenta de D. Manuel Antonio Rey, 1820 [53 números, do 21.04.1820 ao 20.10.1820: do 1 ao 27 na imprenta de Campaña y Aguayo, do 28 ao 53 na de Rey].

BIBLIOGRAFÍA

- ALGA 1: Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*, 2 vols., A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGA 2: Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*, 2 vols., A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGA 3: Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGA 5: Instituto da Lingua Galega (2005): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 5: *Léxico. O ser humano (I)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALONSO MONTERO, X. (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*, Lugo, Editorial Celta.
- ÁLVAREZ, R. (1994): “Unha ollada moderna sobre a lingua dos nosos devanceiros”, en Fidalgo, E. / Lorenzo Gradín, P. (coords.), *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, pp. 153-167.
- ÁLVAREZ, R. (2008): “Denuncia pública e autor anónimo. O diálogo dos esterqueiros (1807)”, en Axeitos, X. L. / Grandío Seoane, E. / Villares, R. (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 953-972.
- ÁLVAREZ, R. / XOVE, X. (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- AUROUX, S. (1992): “Introduction. Le processus de grammatisation et ses enjeux”, en Auroux, S. (dir.), *Histoire des idées linguistiques*, Liège, Mardaga, vol. 2, pp. 11-64.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2000): “A esaxerada vida de Antonio Benito Fandiño”, en Benito Fandiño, A., *A Casamenteira*. Introducción de Xosé R. Barreiro, Laura Tato e Carmen Blanco, Ourense, Linteo, pp. 15-35.
- CARBALLO CALERO, R. (1975): *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª ed., Vigo, Galaxia.
- CORDE: REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en línea]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [abril-outubro, 2009].
- COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1952): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Vol. II, Santiago de Compostela, Editorial de los Bibliófilos Gallegos.
- DCECH: Corominas, J. / Pascual, J. A. (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols., Madrid, Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- DUBERT GARCÍA, F. (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- FERREIRO, M. (1994): “Contribución á lexicografía histórica do galego: o vocabulario de Payzal”, *Cadernos de Lingua* 9, pp. 55-88.
- [FREIRE CASTRILLÓN, M.] (1787): *El nuevo cosáreo de las candelas. La Pilgrina*, Santiago, Imprenta de D. Ignacio Aguayo.
- FREIXEIRO MATO, X. R. / SÁNCHEZ REI, X. M. / SANMARTÍN REI, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*, A Coruña, Universidade da Coruña.
- GARCÍA, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

- HERMIDA, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- LÓPEZ, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- MARIÑO PAZ, R. (1996): “Aproximación ó mapa dialectal galego dos séculos XVIII e XIX”, en Lorenzo, R. / Álvarez, R. (eds.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 77-105.
- MARIÑO PAZ, R. (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacementa. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña, Universidade da Coruña.
- MARIÑO PAZ, R. (2005a): “La culture écrite de la langue galicienne pendant l’époque pré-galicianiste”, en Alén Garabato, C. (coord.), *L’éveil des nationalités et les revendications linguistiques en Europe (1830-1930)*. [Université Montpellier III, 2-3 juin 2005], Paris, L’Harmattan, pp. 193-219.
- MARIÑO PAZ, R. (2005b): “Forma e función do sufixo *-uel* no galego medieval”, *Cadernos de Lingua* 27, pp. 155-193.
- MARIÑO PAZ, R. / BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. / ANEIROS DÍAZ, R. (2008): *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- MURGUÍA, M. M[ARTÍNEZ] (1862): *Diccionario de escritores gallegos*, Vigo, J. Compañel.
- NTLLE: REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española* <<http://www.rae.es>> [abril-outubro, 2009].
- PENSADO, J. L. (1958): “Un vocabulario gallego del siglo XIX”, en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo, Galaxia, pp. 275-286.
- PÉREZ COSTANTI, P. (1905): *Historia del periodismo santiagués*, Santiago, Escuela Tip. Municipal.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (1726-1739): *Diccionario de la lengua castellana*, 6 vols [vol. 1: Madrid: Francisco del Hierro, 1726; vol. 2: Madrid: Francisco del Hierro, 1729; vol. 3: Madrid: Viuda de Francisco del Hierro, 1732; vol. 4: Madrid: Herederos de Francisco del Hierro, 1734; vol. 5: Madrid: Herederos de Francisco del Hierro, 1737; vol. 6: Madrid: Herederos de Francisco del Hierro, 1739]. Ed. facsímil: *Diccionario de Autoridades*, 3 vols., Madrid, Gredos, 1990.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (1815): *Ortografía de la lengua castellana*. Octava edición notablemente reformada y corregida, Madrid, Imprenta Real.
- SACO ARCE, J. A. (1868): *Gramática gallega*, Lugo, Soto Freire; 2ª ed.: Ourense, Gráficas Tanco, 1967.
- SACO ARCE, J. A. (1876): “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, *El Heraldo Gallego* 1 (5.1.1876), pp. 3-5; 2 (8.1.1876), pp. 9-10; 3 (12.1.1876), pp. 17-18.
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*, 3ª ed., A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SARMIENTO, FR. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega.
- SOBREIRA, FR. J. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ms. s. XVIII. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijóo”.
- SUÁREZ VÁZQUEZ, D. (2007): “Algunhas notas sobre obras menores e traballos perdidos de lexicógrafos galegos do século XVIII”, *Verba* 34, pp. 355-373.

- TILG: A. SANTAMARINA (DIR.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/TILG/>) [abril-outubro, 2009].
- TMILG: X. VARELA BARREIRO (DIR.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg/>) [abril-outubro, 2009].
- V[ILANOVA] R[ODRÍGUEZ], A. (1974): “Fandiño, Antonio Benito”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Xixón, Silverio Cañada, vol. 11, pp. 84-86.